



**SESION ORDINARIA DE 29 DE OUTUBRO DE 2019**

**(Acta Número 15)**

**Presidente:**

D. José Tomé Roca

**Sres. Deputados:**

D<sup>a</sup>. Tareixa Antía Ferreiro Tallón  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto  
D. Pablo Rivera Capón  
D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez  
D. Roberto Fernández Rico  
D. Xosé M<sup>a</sup>. Arias Fernández  
D. José Luis Raposo Magdalena  
D<sup>a</sup>. Mónica Freire Rancaño  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Elena Candía López  
D. Efrén Castro Caloto  
D. Javier Jorge Castiñeira  
D. Agustín Baamonde Díaz  
D. José Antonio García López  
D. Roberto García Pernas  
D<sup>a</sup>. Dolores Castro Ochoa  
D. Pablo Taboada Camoira  
D. José Jesús Novo Martínez  
D<sup>a</sup>. María Loureiro García  
D. Oscar Poy Franco  
D. José Pardo Lombao  
D. Francisco Javier Balado Teijeiro  
D. José Ángel Santos Sánchez  
D. Jesús Manuel Núñez Díaz  
D<sup>a</sup>. Ana M<sup>a</sup>. González Abelleira

**Secretaria:**

D<sup>a</sup>. María Esther Álvarez Martínez

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas e trece minutos do **día vinte e nove de outubro de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto.

Actúa de Secretaria a titular da Corporación D<sup>a</sup>. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D<sup>a</sup>. Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA DOCE DE SETEMBRO, ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E CATRO DE SETEMBRO, E EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA QUINCE DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZANOVE.**

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada o día doce de setembro, á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e catro de setembro, e á acta da sesión extraordinaria celebrada o día quince de outubro de dous mil dezanove, e ao non presentarse ningunha emenda, foron aprobadas por unanimidade.

**2.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA MACHISTA**

Intervén o Sr. Presidente no seguinte sentido:

“Esta Declaración Institucional que traemos ao Pleno foi asinada polos tres Grupos representados na Corporación con motivo do Día Internacional da Eliminación da Violencia Machista, esta lacra que lamentablemente nos acompaña. Vou dar pois lectura a esta Declaración Institucional, que di o seguinte:

“Co motivo da conmemoración, o vindeiro 25 de novembro, do Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, a Deputación de Lugo quere expresar o seu firme compromiso coa loita contra esta lacra social, a súa solidariedade e apoio ás vítimas e ás súas familias, e o seu respaldo institucional para impulsar o conxunto de medidas recollidas no Pacto de Estado en Materia de Violencia de Xénero.

No ano 1999 as Nacións Unidas fixeron un recoñecemento internacional desta gravísima e intolerable problemática social e puxeron na axenda política as reclamacións iniciadas décadas antes polas organizacións feministas. A realidade demóstranos que queda moito por facer.



Cada muller asasinada cuestiónanos como sociedade. Son persoas ás que se lles arrebatou a súa vida só polo feito de ser mulleres. Son tamén fillos e fillas orfas, familias e amigos e amigas desfeitos pola dor.

Como representantes institucionais, temos a obriga de redobrar os nosos esforzos na loita para erradicar a violencia machista en todas as súas formas. Un problema que, aínda hoxe, algúns tratan de negar ou disimular baixo unha suposta e xenérica “violencia familiar” ou “intrafamiliar”. Alto e claro rexeitamos este nefasto revisionismo. Existe un problema social de violencia contra a muller. A realidade demoétrao. E quen o nega ou ignora dálle un novo pulo aos agresores, porque lles transmite a mensaxe de que a súa conduta é menos grave ou mesmo socialmente aceptable.

Na última década, máis de 6.000 mulleres lucenses presentaron denuncias por violencia machista. Temos que seguir xerando mecanismos que garantan o anonimato e a protección das denunciantes, como o teléfono 016. Temos que impulsar a formación de xénero na xudicatura para facilitar unha avaliación axeitada do risco potencial das situacións. A violencia contra a muller pode xurdir dun xeito súbito, pero moitas veces implica unha escalada, dende o menosprezo psicolóxico aos golpes, e dende os golpes ao crime. Precisamos medios para facer efectivos os mecanismos de afastamento do agresor en canto se detecte a primeira mostra de violencia. Como sociedade e como institucións, non podemos consentir que haxa mulleres privadas dos seus dereitos e liberdades.

E temos que impulsar os mecanismos de cambio social que modifiquen pautas de conduta machista enraizada na sociedade. O fomento da igualdade pasa pola educación, que se converte tamén na mellor ferramenta de prevención. Unha educación en igualdade de nenos e nenas, rexeitando os roles tradicionais, os estereotipos e calquera manifestación que promova a submisión da muller, menoscabe os seus plenos dereitos ou tente colocala nunha posición de inferioridade ou dependencia.

Por todo iso, a Deputación de Lugo reitera o seu compromiso cos obxectivos do Pacto de Estado contra a violencia machista, dende o convencemento de que Concellos e deputacións, como administracións máis próximas á cidadanía, son clave á hora de impulsar estratexias de

sensibilización, prevención, detección, acompañamento, recuperación e protección das mulleres maltratadas”.

### **PARTE RESOLUTIVA**

#### **COMISION DE ASUNTOS DO PLENO**

**3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN COS ESCRITOS DOS ALCALDES DOS CONCELLOS DE OUTEIRO DE REI, POBRA DO BROLLÓN E A FONSAGRADA, SOLICITANDO MODIFICACIÓN/SUBSTITUCIÓN DE INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019.**

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, que di o seguinte:

“Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

En relación cos escritos das Alcaldías dos Concellos de Outeiro de Rei, Pobra do Brollón e A Fonsagrada, no que solicita unha modificación/substitución de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019, infórmase o seguinte:

1.- Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019, fixéndose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2019 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.



2.- O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación, en sesión extraordinaria celebrada en data 21 de maio de 2019, figurando incluído o investimento e a actuación que se sinalan e se pretenden modificar:

## I.- CONCELLO DE OUTEIRO DE REI

a).- O Concello de OUTEIRO DE REI, incluíu no programa de investimentos do Plan único 2019 os seguintes investimentos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
OUTEIRO DE REI	199	SUMINISTRO ELÉCTRICO A CIRCUITO DE OUTEIRO DE REI	75.794,99 €	80.000,00 €	155.794,99 €
	200	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN O CASTRO (SAN FIZ DE PAZ), E DESDE N-VI ATA LU-P-3908 (GUILLAR)	9.280,32 €	29.000,00 €	38.280,32 €
	201	AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO EN PENELAS E AS CASAS NOVAS	20.582,47 €	45.000,00 €	65.582,47 €
	202	AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO EN O CASTRO	28.390,18 €	45.000,00 €	73.390,18 €
	203	AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO EN CABOI	30.932,35 €	45.000,00 €	75.932,35 €

b).- A Alcaldía do Concello de OUTEIRO DE REI, solicita a través de escrito con RE nº 19631, de 11 de setembro de 2019; modificación/substitución de investimento incluído no PLAN ÚNICO, concretamente afecta ao investimento nº 200 do plan único 2019, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... a concurrencia de determinadas incidencias relativas á execución técnica dos traballos no entorno da N-VI ...” polo que solicita a modificación do Plan, no sentido de modificar o investimento indicado, co orzamento que se sinala, sen modificacións na achega da Deputación. Acompaña os novos proxectos e documentación relativa á nova actuación solicitada, que de ser aprobado polo Pleno dita modificación, quedaría incluída no Plan único 2019 da maneira que se indica:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
OUTEIRO DE REI	199	SUMINISTRO ELÉCTRICO A CIRCUITO DE OUTEIRO DE REI	75.794,99 €	80.000,00 €	155.794,99 €
	200	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN O CASTRO (SAN FIZ DE PAZ), E ABELADOIRA (SAN FIZ DE PAZ)	9.280,32 €	29.000,00 €	38.280,32 €
	201	AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO EN PENELAS E AS CASAS NOVAS	20.582,47 €	45.000,00 €	65.582,47 €
	202	AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO EN O CASTRO	28.390,18 €	45.000,00 €	73.390,18 €
	203	AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO EN CABOI	30.932,35 €	45.000,00 €	75.932,35 €

## II.- CONCELLO DE POBRA DO BROLLÓN

a).- O Concello de POBRA DO BROLLÓN, incluíu no programa de investimentos do Plan único 2019 os seguintes investimentos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
POBRA DO BROLLÓN	234	ACONDICIONAMENTO DE VESTIARIOS CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL, INCLUÍDO HONORARIOS	0,00 €	20.284,90 €	20.284,90 €
	235	EXECUCIÓN DE ACCESOS AO EDIFICIO MULTIUSOS MUNICIPAL, INCLUÍDO HONORARIOS	0,00 €	93.474,28 €	93.474,28 €
	236	REXENERACIÓN DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE MARCÓN, FORNELAS E ESTACIÓN, INCLUÍDO HONORARIOS	11.412,60 €	27.091,95 €	38.504,55 €

b).- A Alcaldía do Concello de POBRA DO BROLLÓN, solicita a través de escrito con RE nº 2019RT004080, de data 18 de setembro de 2019, modificación/substitución de investimento incluído no PLAN ÚNICO, concretamente afecta ao investimento nº 236 do plan único 2019, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... concorrencia de subvencións coincidindo con outras administracións, estado dos camiños que aconsellan modificar as prioridades...” polo que solicita a modificación do Plan, no sentido de modificar o financiamento do investimento, co orzamento que se sinala, sen modificacións na achega da Deputación. Acompaña os novos proxectos e documentación relativa á nova actuación solicitada, que de ser aprobado polo Pleno dita modificación, quedaría incluída no Plan único 2019 da maneira que se indica:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
POBRA DO BROLLÓN	234	ACONDICIONAMENTO DE VESTIARIOS CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL, INCLUÍDO HONORARIOS	0,00 €	20.284,90 €	20.284,90 €
	235	EXECUCIÓN DE ACCESOS AO EDIFICIO MULTIUSOS MUNICIPAL, INCLUÍDO HONORARIOS	0,00 €	93.474,28 €	93.474,28 €
	236	REXENERACIÓN DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE LAMAIGREXA, ARRIBA-FORNELAS, ESTACIÓN, ABAIXO-FORNELAS E LABRADA, INCLUÍDO HONORARIOS	11.412,60 €	27.091,95 €	38.504,55 €

### III.- CONCELLO DE A FONSAGRADA

a).- O Concello de A FONSAGRADA, incluíu no programa de investimentos do Plan único 2019 os seguintes investimentos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
FONSAGRADA (A)	101	MELLORA DE ACCESOS EN CARBALLIDO	0,00 €	35.588,56 €	35.588,56 €
	102	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO ACCESO A COVA (MONTESEIRO)	0,00 €	31.858,51 €	31.858,51 €
	103	INSTALACIÓN DE ASCENSOR EN EDIFICIO DA ANTIGA ESCOLA FOGAR PARA ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS	0,00 €	46.677,01 €	46.677,01 €
	104	MELLORA E AMPLIACIÓN NO PAI DE A FONSAGRADA	0,00 €	48.205,74 €	48.205,74 €
	105	ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO PARA LOCAL CULTURAL NA ESCOLA FOGAR (MESAS E SILLAS)	0,00 €	14.762,00 €	14.762,00 €
	106	ADQUISICIÓN DE TERREOS PARA EQUIPAMENTOS MUNICIPAIS	19.730,60 €	40.269,40 €	60.000,00 €

b).- A Alcaldía do Concello de A FONSAGRADA, solicita a través de escrito con RE nº 2019RT004660, de data 11 de outubro de 2019, modificación/substitución de investimentos incluídos no PLAN ÚNICO, concretamente afecta aos investimentos nº 101-102 e 106 do plan



único 2019, aos que acompaña a xustificación dos motivos da modificación, que en síntese indica “... debido ás fortes tormentas que caeron no verán, que fai necesario realizar unha intervención urxente para a súa reparación, ... resulta tamén imprescindible a reposición da cuberta do edificio da antiga casa consistorial destinada a servizos múltiples que sofre un importante deterioro...” polo que solicita a modificación do Plan, no sentido de modificar o financiamento do investimento, co orzamento que se sinala, sen modificacións na achega da Deputación. Acompaña os novos proxectos e documentación relativa ás novas actuacións solicitadas, que de ser aprobado polo Pleno dita modificación, quedaría incluída no Plan único 2019 da maneira que se indica:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
FONSAGRADA (A)	101	MELLORA DE ACCESOS EN CASTONSA (SAN PEDRO)	0,00 €	35.588,56 €	35.588,56 €
	102	MELLORA DE ACCESOS EN VILADRIZ (LAMAS DE MOREIRA)	0,00 €	31.858,51 €	31.858,51 €
	103	INSTALACIÓN DE ASCENSOR EN EDIFICIO DA ANTIGA ESCOLA FOGAR PARA ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS	0,00 €	46.677,01 €	46.677,01 €
	104	MELLORA E AMPLIACIÓN NO PAI DE A FONSAGRADA	0,00 €	48.205,74 €	48.205,74 €
	105	ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO PARA LOCAL CULTURAL NA ESCOLA FOGAR (MESAS E SILLAS)	0,00 €	14.762,00 €	14.762,00 €
	106	REPOSICIÓN DE CUBERTA EN ANTIGA CASA CONSISTORIAL DESTINADA A SERVIZOS MÚLTIPLES	19.730,60 €	40.269,40 €	60.000,00 €

3.- A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polos Concellos, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

4.- Tendo en conta as solicitudes e xustificacións expostas polos concellos, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é o Pleno, ao ser órgano que aprobou o Plan único 2019.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución dos investimentos relativos aos Concellos de OUTEIRO DE REI, POBRA DO BROLLÓN e A FONSAGRADA que se sinalan, e que quedan incluídos no PLAN ÚNICO 2019.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que polo Pleno se adopte o seguinte acordo:

**1.-** Acceder ao solicitado polas Alcaldías dos Concellos de OUTEIRO DE REI, POBRA DO BROLLÓN e A FONSAGRADA, e en consecuencia, aprobar a modificación/substitución dos investimentos relativos aos Concellos indicados, mantendo as achegas de Deputación aprobadas, e quedando o plan único de Cooperación cos concellos 2019 modificado nos investimentos dos concellos indicados, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
OUTEIRO DE REI	200	ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN O CASTRO (SAN FIZ DE PAZ), E ABELADOIRA (SAN FIZ DE PAZ)	9.280,32 €	29.000,00 €	38.280,32 €
POBRA DO BROLLÓN	236	REXENERACIÓN DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE LAMAIGREXA, ARriba-FORNELAS, ESTACIÓN, ABAIXO-FORNELAS E LABRADA, INCLÚIDO HONORARIOS	11.412,60 €	27.091,95 €	38.504,55 €
A FONSAGRADA	101	MELLORA DE ACCESOS EN CASTONSA (SAN PEDRO)	0,00 €	35.588,56 €	35.588,56 €
	102	MELLORA DE ACCESOS EN VILADRIZ (LAMAS DE MOREIRA)	0,00 €	31.858,51 €	31.858,51 €
	106	REPOSICIÓN DE CUBERTA EN ANTIGA CASA CONSITORIAL DESTINADA A SERVIZOS MÚLTIPLES	19.730,60 €	40.269,40 €	60.000,00 €

**2.-** Someter esta modificación do Plan único 2019 a información pública de acordo co establecido no artigo 32.4 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

**3.-** Dar traslado do presente aos Concellos solicitantes para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación se procede.

O Pleno da Corporación, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada.





**4.- REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE AUDIOVISUAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO: RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES, E PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA.**

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, que textualmente di o seguinte:

“Logo de ver a proposta en relación co asunto que figura no epígrafe, do seguinte teor:

“Visto informe da Secretaría Xeral Adxunta, desta data, coa conformidade da Secretaría Xeral, do tenor literal seguinte:

“Antecedentes

1º.- O Pleno da Deputación de Lugo en sesión ordinaria celebrada o día trinta e un de xullo de dous mil dezaeito por maioría acorda:

“ Primeiro-

“..... No relativo ás actividades, previo a data 1 de xaneiro de 2019, o peno da corporación aprobará un regulamento de funcionamento deste servizo que priorice en todo momento a disposición da provincia, e da posta en valor do patrimonio material e inmaterial lucense.”

2º.- O Pleno da Deputación de Lugo en sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de novembro de dous mil dezaeito adoptou, entre outros, o seguinte acordo por unanimidade: “Execución do acordo do pleno desta Excm. Deputación Provincial, de data 31 de xullo de 2018, polo que se aprobou inicialmente a extinción da Fundación TIC, e a asunción das súas competencias, actividades e servizos por parte por parte do organismo provincial. Aprobación inicial do Regulamento de Funcionamento.

3º.- Con data 18 de decembro de 2018 se publicou anuncio no BOP número 288 de aprobación inicial do Regulamento de Funcionamento dos servizos audiovisuais da Deputación de Lugo no que se incluíron as seguintes engádegas:

*Emenda nº 1, de engádega:*

No apartado 4:

4.- Baixo a dependencia directa da Presidencia, correspóndelle ao xefe/a do servizo coordinar e dirixir o Servizo de Audiovisuais da Deputación Provincial de Lugo.

Engadir, en dito apartado:

4.- Baixo a dependencia directa da Presidencia, correspóndelle ao xefe/a do servizo coordinar e dirixir o Servizo de Audiovisuais da Deputación de Lugo.

A estes efectos, deberá presentar mensualmente o plan de programas, contidos e servizos audiovisuais a desenrolar en cada mes, debendo ser aprobado polo Pleno da última sesión inmediatamente anterior ao mes ó que se refira o plan.

Dito plan deberá vir acompañado das solicitudes formuladas polas persoas, asociacións ou entidades... demandantes destes servizos”.

*Emenda nº 2, de engádega:*

“Engadir, despois do articulado do Regulamento, que di:

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL.

Dada a especificidade e a singularidade que ten a entidade integrada na Deputación de Lugo, o director ou persoa que dirixa, coordine, ou desempeñe a dirección da actividade realizada pola entidade integrada terá que acudir a unha comisión informativa, que estará composta por todos os grupos, entendéndose a estes efectos que o deputado non adscrito terá a consideración de grupo político.

Esta comisión que se reunirá unha vez ó mes previa a celebración do pleno, e que será convocada polo Presidente, coincidindo coas Comisións Informativas, e na que se dará conta da actividade realizada así como das peticións de actividades que lle fixeran ata o día da comisión. Añádese unha Disposición adicional despois do articulado do Regulamento”.”

4º.- Que con data 17 de xaneiro de 2019 se presentaron as seguintes **alegacións**, asinadas por todos os responsables do servizo de audiovisuais:

*“María Margarita Soilán Carbia, xefa do servizo de audiovisuais da Deputación de Lugo, dona Victoria Nodar Bejega, xefa de estudos do Centro de Formación Audiovisual, Luisa Rodríguez Rodríguez, coordinadora de Redacción, Marcos Bello Peón, coordinador de produción e cámaras, Miguel Gorgoso Méndez, realizador e Juan Manuel Pardo Díaz, xefe técnico do Centro de Producción Audiovisuais”*



*1.- O Pleno é un órgano manifestamente incompetente na organización e funcionamento dun servizo do organismo. O artigo 34.1 establece que corresponde en todo caso ao Presidente da Deputación dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos e obras cuxa titularidade ou exercicio corresponde á Deputación Provincial, así como tamén o establece o artigo 61.1d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o artigo 29 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, e o artigo 54.9, do Regulamento Orgánico da Deputación.*

*En igual sentido exprésase o artigo 61 apartado 7 do Regulamento de Organización e funcionamento e réxime xurídico das entidades locais: O Presidente da Deputación Provincial preside a Corporación e ostenta as seguintes atribucións: 7. Dirixir, impulsar e inspeccionar as obras e servizos cuxa execución ou realización houbera sido acordada, solicitando os asesoramentos técnicos necesarios.*

*Por tanto de adaptarse o acordo aprobatorio do Regulamento no sentido aprobado inicialmente estaríase atribuíndo ao Pleno da entidade local unha atribución non amparada no artigo 33 da lei 7/85 do 2 de abril reguladora das bases do Réxime local, así como tampouco nos artigos 64 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o artigo 28 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, e o artigo 57 do Regulamento Orgánico da Deputación.*

*En consecuencia con todo o exposto, de aprobarse o Regulamento definitivamente na forma en que quedou redactado coas emendas, adoececería dun vicio de nulidade radical de acordo co disposto no artigo 47.2 da Lei 39/2015 de 1 outubro do Procedemento Administrativo das Administracións Públicas que establece que “que serán nulas de pleno dereito as disposicións administrativas que vulneren, a Constitución , as leis ou outras disposicións administrativas de carácter superior”*

*Non só a lexislación e as normas regulamentarias de carácter xeral manifestan dita causa de nulidade, senón que a normativa propia da Deputación Provincial de Lugo tamén así o recolle.*

*En efecto o Regulamento Orgánico da Deputación de Lugo no seu artigo 54, atribúe ao Presidente, sen ningún xénero de dúbidas, no seu apartado 1, 10 e 15, a facultade de organización dos servizos. De aprobarse o Regulamento do servizo, na súa redacción, inicialmente aprobada, estaría incurso en causa de nulidade ao amparo do establecido no citado artigo 77. 2 la Lei 39/2015, de 1 de outubro LPACAP*

*2.- Desde ou punto de vista da eficacia e eficiencia é manifestamente ineficaz presentar un plan de programas e contidos do servizo para desenvolver cada mes xa que, pola propia actividade do servizo, formación e produción, un mes antes non están determinadas as necesidades dos usuarios, nin a dispoñibilidade dos medios persoais e técnicos necesarios para levar a cabo a actuación ( xa sexa unha práctica nun escenario real, unha práctica curricular, unha cobertura de unha actividade dunha asociación, ou, un asesoramento técnico, etc.)*

*Por outra banda, a esixencia de aprobación das actividades no mes anterior a súa celebración non ten encaixe coa propia actividade da Deputación Provincial e dos Concellos que xeran contidos diarios que poñen en valor a provincia, ou patrimonio material e inmaterial da mesma.*

*Debemos ter presente que cada actuación do servizo de audiovisuais ou cada produto audiovisual non é froito dunha tarefa individual senón dun traballo colectivo organizado non que interveñen varios departamentos do servizo.*

*Tódalas actividades que se realizan, así como a súa priorización están baseadas nos criterios expostos non artigo 12 e 13 do Regulamento.*

*“Artigo 12. Selección de destinatarios do Centro de Producción de Audiovisuais e normas de tramitación.*

*Os criterios para a determinación das actuacións a realizar polo Centro de Producción de Audiovisuais serán os seguintes:*



*1º.- As actividades do Centro de Producción de Audiovisuais irán dirixidas, con carácter prioritario, a atender as necesidades formativas do Centro de Formación de Audiovisuais.*

*2º.- A actualidade do contido da información en relación cos fines do servizo.*

*3º.- Iniciativas que poñan en valor a provincia de Lugo e o seu patrimonio material e inmaterial da mesma.*

*4º.- Orde temporal da solicitude.*

*Tódalas actividades realizadas polo servizo así como a súa priorización de acordo cos criterios anteriores serán realizadas en función da dispoñibilidade dos medios materiais e persoais adscritos, sempre baixo os criterios de outorgar a máxima atención á totalidade dos Concellos da provincia.*

*As solicitudes da realización das actuacións por parte do Centro de Producción de Audiovisuais e realizaranse mediante formato electrónico, e a súa denegación deberá ser comunicada, en dito formato, aos solicitantes.*

*Artigo 13.- Selección de destinatarios de apoio técnico.*

*Cando se solicite o apoio técnico (medios persoais e/o materiais) por Concellos e entidades, os criterios para a súa autorización serán os seguintes:*

*Con carácter prioritario atender as necesidades formativas do Centro de Formación de Audiovisuais*

*Dispoñibilidade de medios persoais e materiais*

*Adecuación de medios ás actividades solicitadas”*

*3- Por outra banda ou disposto na disposición adicional engadida relativa a creación dunha comisión informativa, supón unha contradición cos propios acordos provinciais en canto a*

*creación e composición das comisións de estudo, informe e consulta dos asuntos que vaian ser sometidos a deliberación do pleno.*

*En consecuencia con todo o exposto,*

*Solicito a aprobación definitiva do Regulamento sen as enmendas”*

En relación coas alegacións presentadas procede informar o seguinte:

PRIMEIRO.- En relación coa primeira das alegacións presentadas, no referente ao órgano provincial ao que lle corresponde desempeñar as atribucións de dirección do servizo e, nomeadamente coa obriga recollida no regulamento de presentación mensual dun “plan de programas, contidos e servizos audiovisuais a desenrolar en cada mes, debendo ser aprobado polo Pleno da última sesión inmediatamente anterior ao mes ó que se refira o plan” que tería que ser acompañado “das solicitudes formuladas polas persoas, asociacións ou entidades... demandantes destes servizos”.

Polo que subscribe enténdese que as funcións atribuídas ao Pleno, nesa engádega, non encontran encaixe nas atribucións que a lexislación confire a dito órgano e, nomeadamente, as funcións que o art. 33 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, cando sinala que son atribucións de dito órgano, entre outras,:

“e) El control y la fiscalización de los órganos de gobierno”.

O contido da engadega aprobada semella impoñer unha especie de control previo á actividade do Presidente da Deputación e polo que se estaría vulnerando o disposto no art. 34 da citada Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, cando contempla como atribución do Presidente:

“d) Dirigir, inspeccionar e impulsar los servicios y obras cuya titularidad o ejercicio corresponde a la Diputación Provincial”.

Polo tanto entendo que debería aceptarse a alegación relativa á engádega primeira, polos motivos expostos.



Segundo.- En relación coa *Emenda nº 2, de engádega*:

“Engadir, despois do articulado do Regulamento, que di:

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL.

Dada a especificidade e a singularidade que ten a entidade integrada na Deputación de Lugo, o director ou persoa que dirixa, coordine, ou desempeñe a dirección da actividade realizada pola entidade integrada terá que acudir a unha comisión informativa, que estará composta por todos os grupos, entendéndose a estes efectos que o deputado non adscrito terá a consideración de grupo político.

Esta comisión que se reunirá unha vez ó mes previa a celebración do pleno, e que será convocada polo Presidente, coincidindo coas Comisións Informativas, e na que se dará conta da actividade realizada así como das peticións de actividades que lle fixeran ata o día da comisión. Añádese unha Disposición adicional despois do articulado do Regulamento”.”

A proposta incluída na engádega número 2 de creación dunha “comisión” na que tería que comparecer o responsable do servizo aos efectos de “dar conta da actividade realizada así como das peticións de actividades que lle fixeran ata o día da comisión”, non encontra encaixe nas funcións que a normativa de aplicación recolle para as comisións de estudo informe e consulta, dos asuntos que vaian a ser sometidos a consideración do pleno, como órganos complementarios da organización provincial, nin o encontran tampouco, a xuízo do que subscribe, nas comisións especiais recollidas no art. 124 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, que dispón que se poderán constituír comisións informativas especiais “para un asunto concreto, en consideración a sus características especiales de cualquier tipo”.

A “comisión”, proposta na engádega, non semella que se propoña para un asunto concreto, senón que puidera considerarse que a súa finalidade é a de obter información de toda a actividade realizada polo servizo de audiovisuais da Deputación de Lugo, actividade totalmente amparada pola lexislación de aplicación e dereito dos deputados e deputadas provinciais, pero cuxa canle non ten que ser mediante a creación dunha comisión, senón a través dos diferentes mecanismos de información, control e fiscalización que, aos señores e señoras deputadas e deputadas, lles recoñece

tanto a normativa legal e regulamentaria de aplicación, como o propio regulamento orgánico provincial.

Polo exposto enténdese que a alegación debe ser aceptada.

E canto procede informar ao respecto.”

Con base en dito informe PROPOÑO que o Pleno adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Resolver as alegacións, aceptándoas, presentadas por dona María Margarita Soilán Carbia, xefa do servizo de audiovisuais da Deputación de Lugo, dona Victoria Nodar Bejega, xefa de estudos do Centro de Formación Audiovisual, dona Luisa Rodríguez Rodríguez, coordinadora de Redacción, don Marcos Bello Peón, coordinador de produción e cámaras, don Miguel Gorgoso Méndez, realizador e don Juan Manuel Pardo Díaz, xefe técnico do Centro de Producción Audiovisuais á aprobación inicial do Regulamento de funcionamento dos servizos audiovisuais da deputación de Lugo.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o Regulamento de funcionamento do servizo de audiovisuais da Deputación de Lugo, procedendo á publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. José Antonio García López, D. José Pardo Lombao e D. José Angel Santos Sánchez, membros do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Esta proposta traese a este Pleno para a aprobación definitiva dun Regulamento que xa tivo o seu trámite de aprobación inicial e de exposición ó público. Presentáronse dúas alegacións a dúas emendas que no seu día trouxera aquí o Deputado non adscrito, e o que se fai é estimar esas alegacións. E quero aclarar detidamente en qué consisten esas alegacións presentadas.

En primeiro lugar unha das emendas, o punto catro que se trae a este Pleno, consistía na esixencia de ter que presentar ó Pleno mensualmente un programa das actividades xunto coas





peticións das distintas entidades da provincia con carácter previo para a súa aprobación polo Pleno. Segundo se establece, non só nesas alegacións senón no informe xurídico posterior emitido polo Secretario Xeral Adxunto e conformado pola Secretaría Xeral desta Casa, iso sería un control previo ó Presidente non recollido no Regulamento de Organización e Funcionamento, tanto no artigo 33 do ROF coma no artigo 57, polo que podería estar vulnerando a capacidade que ten o Presidente para impulsar e dirixir os Servizos desta Institución.

En segundo lugar, na Disposición Adicional incluíase unha segunda engádegas que era crear unha comisión permanente con carácter previo á celebración deses Plenos. Lóxicamente tamén atendendo ó Regulamento Orgánico de funcionamento das Administracións Públicas debemos dicir que esa forma de funcionar as comisións, como ben saben, pode ser permanentes creadas no Pleno de organización ou ben especiais para unha cuestión de especial necesidade que non se da nesta situación.

Polo tanto as alegacións que van nesa liña estímense en base ó informe xurídico, e elévase a este Pleno a aprobación definitiva do Regulamento deste Servizo. Quero resaltar que é un Regulamento completamente técnico, que permite funcionar con absoluta transparencia ó Servizo de Audiovisuais, neste caso o que era a Fundación TIC. E recalcar tamén que foi durante un goberno socialista no que se efectuou, entre outras cuestións, a aprobación inicial deste Regulamento, e que incluía tamén a incorporación dos traballadores da extinta Fundación TIC na Deputación de Lugo.

Con isto damos cumprimento a dous dos tres acordos adoptados naquel Pleno de novembro do ano 2018, e poñemos de relevo tamén que xa se está impulsando o terceiro dos acordos que era a equiparación a través da valoración de postos de traballo”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Estou de acordo coas explicacións que deu o Sr. Rivera, é un proceso que a nós nos colleu agora aínda que os compañeiros anteriores si que o votaran.

Hai un informe xurídico técnico ao que xa votamos a favor na Comisión, e por tanto neste Pleno imos manter esa postura”.

Intervén a Sra. Deputada D<sup>a</sup>. Elena Candia López, voceira do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Para anunciar a abstención do noso Grupo a este punto; apelar a ese espírito de consenso que no seu momento deu lugar a un acordo unánime que eu creo que é beneficioso para os traballadores da Fundación; poñer en valor unha vez máis a súa profesionalidade; e alertar tamén de que estaremos expectantes analizando a valoración dos postos de traballo e o seu correspondente resultado unha vez que se produza a plena integración.

Creo que ademáis supoño que era o mesmo espírito das alegacións no seu momento a transparencia e a participación en todos estes procesos, e o emprego deste medio público, un medio de comunicación importantísimo que é o instrumento audiovisual que nos aporta ós concellos esta Fundación, que o seu uso sexa non sei se previamente aprobado polo Pleno ou posteriormente, evidentemente sen nada que contradicir ós informes xurídicos, pero si que é o máis importante, apostando por ese uso non discriminatorio nesa posta a disposición de tódalas actividades de todo o noso patrimonio cultural, material, e inmaterial, para tódolos eventos para os que ter un instrumento audiovisual para esa comunicación en redes ten un valor incluso contitativo moi importante non só para os concellos senón para a multitude de asociacións e entidades que organizan actividades ó longo da nosa provincia.

Un mal uso, independentemente do Regulamento que teñamos aprobado, sería evidentemente cuestionado e criticado, e detrás estaría unha decisión política. Creo que o consenso que se acadou para beneficiar ós traballadores, e sempre pensando en non prexudicar a ninguén, ten que ser o espírito que rixa a plena integración pero tamén o normal funcionamento desta entidade; e se nos circunscibimos a ese Pleno que vostede citou creo que iso non se vai poñer en perigo independentemente de que se estimen ou non as alegacións, ou independentemente do resultante do Regulamento.



Se segue nesa liña sabe, Sr. Deputado, que este Grupo vai estar ó carón dos traballadores da TIC, e en definitiva do proxecto da Fundación TIC que vai máis alá dunha decisión política”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Recollendo a luva do consenso da voceira do Grupo Popular, simplemente dicir que isto é un éxito de todos, que se plantexa un Regulamento que, governe quen governe no futuro a Institución, vai estar por riba dos políticos. Creo que aquí estamos representantes de moitos concellos e cando a Fundación TIC se require, sempre que se faga coa suficiente antelación porque, reitero, non é un medio de comunicación, pero si que é un importante instrumento para poñer en valor o patrimonio material e inmaterial da nosa provincia, dende logo que está a disposición de tódolos veciños da nosa provincia. Por tanto pola nosa parte creo que non hai moito máis que engadir”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D<sup>a</sup>. Elena Candia López, voceira do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Como vostede sabe, e témolo manifestado públicamente en multitude de ocasións, os consensos acadados no pasado mandato van ser absoluta e íntegramente respectados neste mandato, independentemente do momento político e da boa ou mala relación ou da tensión no debate político no que nos poidamos atopar. Pero se por enriba detrás hai un compromiso cos traballadores como o que adquiriu este Grupo que represento, sempre respectando a legalidade por suposto, pero sendo sempre especialmente coidadosos coa súa estabilidade e mantendo a nosa palabra, sabe que poderemos seguir celebrando grandes acordos que non nos beneficiarán nin a vostede nin probablemente a mín pero si a persoas, a familias, e en definitiva demostraremos con feitos o que moitas veces dicimos en titulares. Así que siga por esa senda que na integración da Fundación, así como no seu desenvolvemento, este Grupo vai apoiar esas decisións”.

Intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“Dicir que no tema do persoal estamos seguindo estritamente os pasos acordados nese Pleno; trasládolle que seremos moi escrupulosos na execución dos acordos plenarios, sobre todo porque estamos a falar de persoas e de familias que ademáis desempeñan un bo traballo, como fan tódolos funcionarios desta Casa, pero neste caso a Fundación TIC está nese proceso de adaptación e de integración na Deputación de Lugo, e creo que o proceso para nada está a ser traumático pois están a facelo de marabilla, e que se están a adaptar ás necesidades e están a disposición dos veciños e veciñas da provincia.

Polo tanto propoñemos un Regulamento para a súa aprobación definitiva; é o segundo Servizo desta Casa que ten un Regulamento e creo que vai ser bo para todos porque é un regulamento feito dende o punto de vista estritamente técnico polos profesionais da TIC, e non hai intervencións de carácter político, creo que iso é un matiz moi importante”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

--0000--

## **5.- PROPOSTA DE GOBERNO PARA A RECLAMACIÓN URGENTE DE MEDIDAS QUE GARANTAN O FUTURO E O MANTEMENTO DO EMPREGO NA FACTORÍA DE ALCOA EN SAN CIBRAO E DA CENTRAL TÉRMICA DE AS PONTES.**

Logo de ver a proposta do Goberno a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“A situación de emerxencia industrial en Galicia está a afectar dun xeito especial á factoría de Alcoa en San Cibrao e á central térmica de Endesa en As Pontes, cuxa actividade ten unha importante incidencia na creación de emprego no norte da provincia de Lugo. Esta situación afecta a miles de traballadores e ás súas familias, que contemplan con incerteza o futuro dos seus postos de traballo e esperan das administracións propostas e accións concretas que eviten unha nova perda



de postos de traballo no sector industrial galego. Un sector que leva perdidos xa máis de 12.000 postos de traballo nos últimos anos.

O pasado xoves 16 de outubro, milleiros de traballadores e traballadoras de Endesa, transportistas e veciños, acompañados de alcaldes da zona, levaron ante o Congreso dos Deputados á súa reivindicación de medidas que garantan unha transición enerxética que preserve os postos de traballo e supoña un impulso económico, e non unha lousa, para o desenvolvemento das comarcas do norte de A Coruña e Lugo.

Mentres isto acontecía en Madrid, As Pontes e San Cibrao acolían o mesmo día sendas xornadas de mobilización. 3.000 persoas xuntáronse en San Cibrao para reclamar medidas que dean resposta ó futuro de Alcoa, pendente do novo estatuto de empresas electrointensivas. E As Pontes converteuse nunha vila baleira, con boa parte dos veciños en Madrid, o comercio pechado e rúas baleiras, como exemplo gráfico da preocupación que a situación xera na zona.

Dende os nosos respectivos grupos queremos mostrar todo o noso apoio, solidariedade e compromiso cos traballadores e traballadoras da Central Térmica de Endesa nas pontes e da fábrica de Alcoa en San Cibrao, coa industria auxiliar e cos transportistas vencellados á súa actividade. Por iso presentamos esta Moción para solicitar ás administracións con competencia na materia, é dicir, o Ministerio de Industria e a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia:

- Solucións e alternativas que garantan o futuro da factoría de Alcoa e da central térmica de As Pontes.
- Atendendo á realidade enerxética e industrial galega, iniciativa conxunta de reactivación económica a través dun plan industrial que contribúa ao reequilibrio territorial, apostando por un modelo racional de descarbonización e de transformación enerxética, suave e progresiva, a aposta pola economía circular e o mantemento e o impulso do emprego”.

Intervén a Sra. Deputada D<sup>a</sup>. María Loureiro García, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“En primeiro lugar facer unha mención especial a Alcaldes, Alcaldesas, Concelleiros e Concelleiras dos concellos onde están afectados os traballadores tanto da central térmica de Endesa como de Alcoa-San Cibrao.

A situación industrial do norte de Galicia require a atención de tódalas Administracións e de plans de actuacións conxuntos cadaún dende a nosa responsabilidade e dende a nosa esfera de influencia.

O motivo de traer esta proposta hoxe débese a que no anterior Pleno non houbo acordo por unanimidade con respecto á Declaración Institucional de defensa dos traballadores da central térmica de Endesa, e anteriormente no caso de Alcoa, porque o Partido Popular negouse a incorporar á Xunta de Galicia no compromiso de tomar medidas e traballar conxuntamente co Goberno Central.

O voceiro do Grupo Popular, o Sr. Agustín Baamonde, no receso que houbo para chegar a un acordo unánime dixo que non podía incorporar á Xunta de Galicia; días despois o Conselleiro de Industria traslada unha serie de medidas para garantir un prezo competitivo da enerxía, medidas que a verdade non van sen tempo despois de dez anos de goberno do Sr. Feijóo na Xunta e sete anos de goberno de Rajoy en España, eu preguntome: isto non é oportunismo político?.

Esta proposta da Xunta de Galicia a través do seu Conselleiro deixa en evidencia ó Grupo Provincial do Partido Popular xa que se encargaron de dicir por activa e por pasiva que a Xunta non era competente en materia de industria, descoñecen o artigo 30 do Estatuto de Autonomía que di que as competencias exclusivas en materia de industria son da administración galega.

O problema destas dúas factorías non é de agora; hai aproximadamente unha década que Endesa empezou o seu proceso de peche, qué estratexia deseñou a Xunta para facer fronte a esta situación?, a Feijóo échese a boca agora aludindo ó calendario e dicindo que as datas para o fin do carbón foron primeiro unhas, logo outras, pero é unha escusa; non entendeu ou non quixo entender xa que se trata dunha moratoria, isto non é un tempo prestado no que se pode estar cos brazos cruzados. A Xunta non se queixa porque teña cambio de datas, quéixase porque non sabe



como ocultar a realidade, e a realidade é a falta de previsión e de planificación da política industrial galega.

Por outra banda está Alcoa-San Cibrao, eu xa teño ido a manifestacións de Alcoa polo mesmo problema, porque nós, os Alcaldes e Alcaldesas socialistas, estabamos a carón dos traballadores antes co goberno de Mariano Rajoy en Madrid, e agora co goberno de Pedro Sánchez; non pasa o mesmo co Partido Popular porque o despreque que hai agora nas concentracións de dirixentes, Alcaldes, Alcaldesas, Concelleiros e cargos orgánicos, non o había antes.

Pero o problema de Alcoa non é de agora, non apareceu este ano e medio que está Pedro Sánchez gobernando; na Mariña non esquecemos como José María Aznar, en plena febre privatizadora vende en 1998 o setor público do aluminio á multinacional estadounidense, e a partires de aí empezou a pantasma do peche de Alcoa, non neste ano e medio; e aínda así o Goberno fixo máis polo tecido industrial neste ano e medio que o goberno de Feijóo e de Rajoy xuntos.

Acábanse de aprobar o venres pasado no Consello de Ministros 172 millóns de euros en subvencións para compensar os custos derivados de emisións indirectas de gases efecto invernadoiro, o CO<sub>2</sub>, aumentaron 90 millóns de euros das anteriores axudas; e a principal beneficiada pola medida é Alcoa con 25 millóns de euros. Sabemos que non é unha medida decisiva, sabemos que a medida decisiva está no Estatuto de electrointensivas, que xa está cun borrador; e tamén sabemos que non depende do Goberno porque ten que esperar a autorización do Consello Europeo.

E con respecto a Endesa, o Goberno incluiu os convenios para a transición xusta, son plans dirixidos a impulsar proxectos solventes de reactivación económica; qué fixo o Goberno de Feijóo na Xunta?, desgrazadamente nada”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Agustín Baamonde Díaz, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Permítame Sr. Presidente que empece a miña intervención con aquelas palabras que a vostede seguramente lle soan, aquelas palabras de Alfonso Guerra: “a este país no lo conoce ni la madre que lo paió”.

Mire vostede, arde Barcelona, cabonízanse As Pontes, electrocútase Alcoa, conxélese a economía, descarrila o AVE, e todo por obra e graza, por mor dun Goberno que a base de estar permanentemente en funcións está conseguindo que aquí non funcione absolutamente nada.

Sra. Loureiro, porqué presenta o Partido Socialista esta iniciativa?, vostede manifesta a súa razón, eu exprésolle a miña; permítame que acuda outra vez a unha cita, recórdolle aquela novela de Sienkiewicz “Quo vadis domine”, recorda que alí foi a intercesión divina que fixo que San Pedro dera a volta e que recoñecera e se dera conta do que tiña que facer. Aquí neste caso non foi a intercesión divina senón que foi outra intercesión, foi unha reacción social fortísima con tres concentracións multitudinarias na Mariña lucense, cunha folga xeral nas Pontes, cunha mobilización dos transportistas do carbón cara a Madrid, tamén a convocatoria dunhas eleccións o 10 de novembro, o que fixo que o Goberno da Nación e que tamén o Goberno desta Deputación Provincial tomaran conciencia do problema gravísimo de Alcoa, e tamén do problema gravísimo de As Pontes.

Recorde, Sra. Loureiro, que aquí estivo o Presidente do Goberno, estiveron as señoras Ministras competentes, pasaron de puntillas sobre o tema de Alcoa e de As Pontes, algunha estivo nas factorías e non foi capaz de ofrecer nin a máis mínima solución.

Aquí na Deputación recórdolle que para que este tema fora sometido a debate foi necesario que o Partido Popular solicitara un Pleno extraordinario no caso da central térmica de As Pontes, e foi necesaria tamén unha moción do Partido Popular e unha do Bloque Nacionalista Galego para que se tratara tamén o tema de Alcoa.

Se non é por iso este tema pasaría para vostedes desapercibido. Pero agora rectifican, agora danse conta da transcendencia dese problema, tratan de emendar o erro que cometeron; e, Sra. Loureiro, benvidos ó mundo da realidade social, benvidos ó mundo dos traballadores de Alcoa e dos traballadores de Endesa, que están sufrindo gravemente ese problema.





Benvidos ó mundo terrenal, pero para poñer os pés no chan aínda teñen que cumprir vostedes dúas premisas que se resisten a admitir e a aceptar; a primeira desas premisas é asumir que o nivel de responsabilidade está en función do nivel de competencia; aquí estamos falando de enerxía, estamos falando de relacións coa Unión Europea, de adopción de medidas fiscais, e as competencias neses temas son do Goberno Central, o propio Sr. Presidente o recoñecía naquel Pleno extraordinario.

Polo tanto quen ten a competencia é o primeiro que ten que asumir a súa responsabilidade; e iso ven a colación coa segunda das premisas de que eu lle falo; miren, para gañar o ceo non se gaña con padrenuestros, hai que gañalo con boas accións, e a iniciativa que vostedes presentan non pasa de ser unha declaración de boas intencións, cumpren moi ben aquilo de que “ni una mala palabra, ni una sola acción”; non presentan ningún tipo de alternativa nin ningún tipo de solucións nin para Alcoa nin para Endesa.

No caso de Alcoa é certo que hai poucos días comunicaba o Goberno a aprobación de axudas compensatorias por custo de emisións de CO<sub>2</sub>, pero sabe vostede que iso é insuficiente, estánllelo dicindo tódolos axentes sociais.

Na central térmica de As Pontes non ofrecen vostedes tampouco absolutamente ningunha alternativa real para garantir unha transición xusta, unha transición ordenada, máis aló de criticar ós que somos partidarios de facer esa transición ordenada en lugar da ruptura enerxética que vostedes propoñen. Se en Europa son capaces de transitar ese cambio de modelo cara ó ano 30, porqué aquí en España temos que facelo para o ano 2019?, explíquenme cal é esa razón.

Pero é máis, Sra. Loureiro, o Goberno transmite, aparte de pouca certeza, desconfianza e confusión; desconfianza, porque non é de recibo que a Sra. Ministra se despache agora botando a culpa á empresa de que falsea as súas contas, pois se falsea as contas vaia vostede ó xulgado pero deixe de dicir historias desas se non as demostra; contradícese o Presidente Sánchez en mitin electoral, cando o outro día di que trae solución para As Pontes e a Sra. Ministra inmediatamente reafirma que esa central pouca vida terá máis aló do ano 2020. Eu estou seguro de que vai ter pouca

vida porque no Pleno de Vilalba vostedes tampouco quixeron incluír a permanencia da central como punto para chegar a un acordo.

A pesares de todo nós, por respecto ós traballadores de Endesa, de Alcoa, e á provincia de Lugo, imos tratar de chegar a un acordo e facer un esforzo de integración para demostrar que a clases política debe e sabe estar á altura das circunstancias”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Como ben dicían os voceiros que me precederon, xa tivemos varios debates sobre ámbalas dúas centrais. Aquí podíamos entrar nun repaso histórico do que fixo cada forza política e buscar culpables ou non; eu pódome unir ás propostas do Partido Popular e á reclamación de responsabilidades ó Goberno do Estado, pero tampouco podo esquecer que vostedes estaban no Goberno do Estado antonte e están no Goberno da Xunta dende hai dez anos.

Con isto quero dicir en primeiro lugar que máis alá das responsabilidades quen ten que poñerse á fronte por obriga e por decencia ética dos problemas de Galicia debería ser o Presidente da Xunta de Galicia, e leva dez anos durmindo porque isto, por moito que agora estalara, non é un problema que xurdira onte nin antonte, nin o tema de Endesa nin o tema de Alcoa, era un problema que todos viamos vir e que se leva avisando, e o Partido Popular foi permisivo coas ideas dende Madrid, o Presidente, cando gobernaban, parecía que todo o que se fixo en Madrid non había problema.

O BNG demandou historicamente que se incluíra a Galicia, ás comarcas que tiñan produción de carbón, nos plans da Unión Europea, e o Partido Popular votou en contra diso en Europa aducindo que non eramos unha comarca produtora; por tanto isto ven de moi lonxe e agora parece que vostedes son recen chegados, e non o son.

Cando se acordou o Presidente da Xunta de defender os dereitos dos traballadores de Alcoa?, agora, en canto cambiou a cor en Madrid?, nin fixo o que tiña que facer como Xunta nin fixo o *lobby* que ten que facer un Presidente dunha Comunidade Autónoma que é defender o país, e



esqueceu iso, e agora parece que hai unha carreira para ver quen saímos máis ou menos na foto, e iso non soluciona os problemas dos traballadores.

Esta proposta vai máis alá diso, evidentemente dende a Deputación non podemos facer un plan dunha estratexia industrial e de tódolos puntos; ademáis é unha proposta conxunta e nalgúns non coincidiríamos porque nós levamos moitos anos propoñendo a tarifa eléctrica galega que outras nacionalidades teñen, e que o Presidente tratou de chiste para Galicia dicindo que para os vascos vale e para os galegos non.

Entonces, claro que é unha declaración de intencións porque nunha Deputación non temos competencias sobre iso, pero vai máis alá, e diso congratulome do seu sentido do voto, en deixar de buscar culpables e buscar solucións, porque evidentemente máis alá de quen o fixera máis mal quen ten a responsabilidade son os dous gobernos, o da Xunta e o do Estado; e iso vai un pouco niso, porque non conseguimos ter nunca un acordo en reclamarlle ós dous, parece que hoxe si, e eu creo que iso é un bo paso, porque despois cada forza política temos unhas solucións, pero aquí parece que andan vostedes a ver quen tira a pedra e quen non o fixo mal, esqueceron as centrais os dous gobernos en Madrid, olvidáronse durante moito tempo ata que lles estalou; e agora vostedes, os do Partido Popular, son moi activos, pero que pasaba mentres gobernaban?, porque ese problema estaba aí, non estaba nas primeiras planas dos medios pero existía, e tamén estaba a preocupación de todo o mundo.

Por tanto creo que deberían facer un acto de contrición, ser humildes, e poñer ó Presidente da Xunta a traballar, porque se o Presidente da Xunta fora alguén do BNG sería a preocupación número un, e as cousas que fixeran tódolos días estarían relacionadas en salvar eses postos de traballo; pero non se salvan facendo unha foto, sálvanse traballando e facendo propostas serias, e ata agora non fixeron ningunha, incluso foron facerse unha foto estando os traballadores dentro e non se reuniron con eles.

Entonces creo que non poden vir aquí como se parecera que acabaran de chegar a este mundo e o Partido Popular non tivera responsabilidades de goberno nas dúas institucións, porque as decisións que se tomaron no pasado breve tamén afectan a este sentido, e aí estaba o Sr. Rajoy tomando esas decisións e, coma sempre, dando de lado a Galicia.

Para m3n 3 algo bo que hoxe podamos sacar unha resoluci3n onde se lle esixa as d3as Instituci3ns que tomen medidas, porque esta carreira de fotos e de quen fai m3is polos traballadores nada lles soluciona, e o que est3n esperando dos pol3ticos e das Instituci3ns son soluci3ns para salvar os postos de traballo”.

Seguidamente interv3n a Sra. Deputada D<sup>a</sup>. Mar3a Loureiro Garc3a, en representaci3n do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“3 Sr. Baamonde d3golle que pr3sa non nos entrou, n3s presentamos unha Declaraci3n Institucional nunha Xunta de Voceiros que o Partido Popular nin a mirou antes da s3a moci3n, ou sexa que pr3sa ningunha.

3ncheselles a boca falando da Ministra, quen lle dera a calquera dos Conselleiros da Xunta de Galicia ter a accesibilidade e a cercan3a que ten esta Ministra, recibiu 3 comit3 de empresa en Madrid antes de que se esperase a convocatoria das elecci3ns, al3 explicouselles todo, tam3n estaba o Secretario de Enerx3as Renovables; nesa reuni3n falouse de que 3a vir a San Cibrao ver a f3brica e a falar co resto do comit3 de empresa, e efectivamente as3 foi.

Por tanto oportunismo ning3n, oportunismo o seu que durante sete anos o goberno de Mariano Rajoy non fixo absolutamente nada, e agora a un goberno que est3 en funci3ns, que algo de responsabilidade tam3n ten o Partido Popular de que estea en funci3ns sendo a forza m3is votada, es3xenlles o que non se fixo en sete anos.

Por iso eu creo que a realidade est3 a3, e quen queda en evidencia 3 o Partido Popular novamente. Si que hai manifestaci3ns masivas e concentraci3ns, e o domingo vai haber unha en Viveiro 3 que tam3n chamo a participar, pero xa as hab3a antes; e ese despregue que hai hoxe do Partido Popular non o hab3a en ningunha manifestaci3n; eu fun a moitas manifestaci3ns de Alcoa-San Cibrao porque a pantasma de peche sempre estivo a3 dende 1998”.

Interv3n o Sr. Deputado D. Agust3n Baamonde Diaz, en representaci3n do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:



“En primeiro lugar dicirlle ó voceiro do BNG que estou de acordo en que este é un problema de país no que todo o mundo ten que colaborar, o Goberno Central, a Xunta de Galicia, os axentes sociais, as Institucións, todos, pero o que non se pode, Sr. Castro, é colocar a tódolos Grupos no mesmo nivel de responsabilidade, cadaún debe responder no que lle corresponde.

Di vostede que ese tema debера resolvelo o Presidente da Xunta de Galicia, eu ben sei que dentro da concepción nacionalista, ese nacionalismo de lugar acasado que eu lle dicía o outro día e que lle reitero agora, os problemas de Galicia se teñen que resolver en Galicia, pero os que nos sentimos tan galegos coma españois e pertencemos a unha nación, entendemos que efectivamente hai unha intercomunicación que obriga ó Goberno Central a asumir competencias que tamén lle corresponden nas autonomías.

A Xunta si que está colaborando intensamente nesa cuestión; no tema de Alcoa precisamente o Conselleiro de Industria e o Presidente da Xunta están substituíndo a inactividade do Goberno socialista, con medidas de carácter fiscal, redución de peaxes, contratos bilaterais de enerxías, solicitando esas aplicacións da categoría de consumidor hiper-electrointensivo, que sumado á poxa de interrompebilidade lóxicamente axudarían a resolver o problema. Nas Pontes son necesarias medidas fiscais, creación da mesa técnica, incorporación ós fondos europeos, traballando todos xuntos si que se pode avanzar.

En canto ó manifestado pola Sra. Loureiro, con respecto á Declaración Institucional eu xa lle aclarei naquel momento porque non podíamos aceptala, o que estaban facendo vostedes coa Declaración Institucional era furtando o debate sobre Alcoa e sobre a central térmica das Pontes, nós tivemos que pedir o Pleno para evitar esa circunstancia.

Di vostede que a Sra. Ministra é cercana, eu téñolle o máximo respecto á Sra. Ministra pero gustárame que en vez de ser cercana ós problemas achegara as solucións ós problemas, porque non achega absolutamente ningunha.

Vostedes ó Sr. Torra aplícanlle unha doutrina moi clara, dílle o Presidente Sánchez; “para falar comigo o primeiro que ten que facer vostede é recoñecer a violencia e pedir desculpas por

iso”, eu estou de acordo; nós non somos tampouco xuíces implacables que esixamos a ninguén ningunha circunstancia para achegarse a nós, pero creo que vostedes deberan recoñecer que ata este momento aínda non dixeron se querían ter aberta ou non, se ía continuar funcionando ou non, a central das Pontes, e aínda non se comprometeron tampouco con que se ían manter os prezos competitivos para a factoría de Alcoa.

Eu creo que iso é absolutamente necesario porque hai quen sospeita, eu non sei se con razón ou sen ela, que despois do día 10 de novembro vostedes van esquecer todo, mire que falan moito do futuro e esquecen o presente, quen esquece o presente quere dicir que o ten condenado, os traballadores de Alcoa e de Endesa se len entre liñas o que están entendendo é que vostedes lles están dicindo que esas factorías non teñen presente e imos construír o futuro.

Sra. Loureiro, canción triste de Hill Street, iso xa soou no naval de Ferrol e xa se sabe con que resultado”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Ou non me expresei ben ou vostede non me entendeu de todo, evidentemente eu quería máis competencias para Galicia, de feito sufrimos un goberno que leva dez anos sen pedir ningunha; pero o que dixeron non é que o Presidente tivera tódalas cartas para poder solucionar o problema de Endesa e As Pontes, o que dixeron é que un Presidente responsable, porque isto é un problema de país, e debería ser case que a única súa actividade ata que estivera solucionado, e non o é, e só reaccionaron mal e tarde pola presión popular, e reaccionaron para chegar a unhas fotos, e agora fala dunhas medidas que son coxas e que veñen tarde.

Entonces estráñame que digan que como é competencia de Madrid o Presidente da Xunta de Galicia con dicir que é competencia de Madrid xa está, pero nós cremos que o papel do Presidente da Xunta debería ser ouro, debería ser o de defender os intereses de Galicia máis alá de quen governe ou non; e non o fixo cando gobernaba o PP e non o está a facer agora cando goberna o PSOE, está durmindo a gusto e parece que quedan contentos con esa batería de medidas que di



que están facendo e que con iso o Sr. Feijóo xa solucionou, porque despois se hai tres mil ou catro mil despedimentos é culpa do Goberno Central.

Eu creo que hai que ser serios, creo que calquera galego ou galega entende que quen debería estar á fronte para reclamar e propoñer solucións debería ser o Presidente da Xunta; pero iso non fai descargar a responsabilidade do Goberno Central, e de feito nesta proposta chegamos a acordo o Grupo Socialista e o BNG porque incluimos as dúas Administracións; evidentemente se estamos neste problema varios están facendo cousas mal; e volvo ó que dicía na anterior intervención, máis alá deste debate político, que está ben, o que nos están demandando as traballadoras e traballadores son solucións, e deberíamos xuntarnos porque é unha cuestión de país e é vital para a provincia pero tamén é vital para Galicia solucionar isto, e ás veces parece que con saír na foto xa está; pois nós dende aquí o que queremos reclamar son medidas urxentes e solucións ás dúas Institucións, e esta proposta vai nese sentido, incluso os compañeiros do PSOE que teñen o goberno da súa cor en Madrid reclámanlle medidas.

Por tanto imos traballar nese sentido e solucionalo xa, e deixarnos de ver quen sae nas fotos sen falar cos traballadores, ou que, como nos colle o touro, mandamos unha nota de prensa falando de catro ou cinco medidas que nada solucionan; imos tomalo en serio, é unha cuestión de país, deberíamos solucionalo xa, e non se está tomando en serio, o Presidente da Xunta debería ser quen encabezara iso”.

Intervén a Sra. Deputada D<sup>a</sup>. María Loureiro García, en representación do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“O Sr. Baamonde non contestou porqué non quere incluír á Xunta de Galicia neste compromiso de plan de actuacións conxuntas; vostede ten unha traxectoria moi longa, Sr. Baamonde, foi Alcalde, Parlamentario, e parece que o problema de Endesa, da súa comarca, xurdiu agora, porque nunca se lle viu esa vehemencia, agás agora neste Pleno.

Dicir tamén que este Goberno busca solucións, aprobáronse vinte e cinco millóns de euros de CO<sub>2</sub> para San Cibrao, que non é a solución definitiva pero é unha bomba de osíxeno. E remato como empecei, qué fixo o Goberno da Xunta de Galicia?, nada”.

A continuación intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Sr. Baamonde, qué papelón!; está hoxe aquí vostede a profeta catastrófico, porque se vostede se escoita cando empezou parecía que estaba anunciando unha catástrofe tras outra; pero vostede equivoca o responsable, porque que casualidade que toda a responsabilidade sexa do Goberno de Pedro Sánchez que levou menos dun anos con plenos poderes, agora leva xa un tempo no Goberno pero en funcións, que casualidade!.

O actual Goberno arranxou o problema de Alcoa na Coruña, e está tomando medidas para arranxar o problema de Alcoa en Lugo, que non lle caiba ningunha dúbida; pero eu preguntolle Sr. Baamonde, que fai o Sr. Feijoo?, que eu saiba andivo de páxaro de mal agüero dicindo que Alcoa-A Coruña non a ía comprar ninguén, sementando o pánico entre os traballadores; afortunadamente o Goberno de España de Pedro Sánchez buscou un comprador e Alcoa-A Coruña segue funcionando, por certo sen a axuda do Sr. Feijóo.

E porqué non nos explican vostedes cales son os compromisos da Xunta, do Sr. Feijóo, con Alcoa e con Endesa?, porque eu vexo o goberno vasco e outros gobernos autonómicos que se comprometen coas súas industrias, cal é o compromiso da Xunta de Galicia?, cal é a súa política industrial?, como aplica o artigo 30 do Estatuto?, ou iso borrarámolo do Estatuto?.

Mire, do Sr. Feijóo nada de nada, porque o Sr. Feijóo só sabe criticar, sae á palestra responder tódolos días porque estamos en campaña, contarnos contos, e sacar fotos, esa é a triloxía do Sr. Feijóo, Presidente da Xunta de Galicia e de tódolos galegos, pero propostas e medidas económicas para resolver os problemas cero; agora ocúrreselle dicir que vai facer un plan de reindustrialización, onde está?, leva once anos no goberno, onde ten o plan industrial para Galicia?, cero.

Sr. Baamonde, dígalle ó Sr. Feijóo que menos palabras, menos fotos, e máis feitos. E de verdade, Sr. Baamonde, eu non sei se se equivocou vostede ou escoitei eu mal, pero eu non tiña noticia de que andivera o Sr. Torra por Alcoa, ou é que agora para arranxar o problema de Alcoa temos que meter por medio ó Sr. Torra?.





Vostede pedía, Sr. Baamonde, a oportunidade de poder suspender un momento o Pleno para poder falar entre vostedes e chegar a un acordo. Pois acéptase esa petición, e por tanto a continuación vaise facer un receso para ver a posibilidade de poñerse de acordo.

A sesión plenaria queda suspendida ás doce horas, reanudándose de novo ás doce horas e cinco minutos.

O Sr. Presidente pregunta ós Sre. Deputados se chegaron a un consenso no texto do acordo.

Intervén o Sr. Deputado D. Agustín Baamonde Díaz, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Entendo que si; trátase dunha modificación eminentemente formal no texto da iniciativa presentada polo goberno, no sentido de que cando se fala de administracións con competencias na materia, na proposta facíase referencia ó Ministerio de Industria e á Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, e nós solicitamos que se faga referencia tamén, porque entendemos que ten competencia nesta materia, ó Ministerio de Transición Enerxética”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Efectivamente chegamos a ese acordo”.

Intervén a Sra. Deputada D<sup>a</sup>. María Loureiro García, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Nós tamén estamos de acordo, incluso eu xa comentei que nesa reunión onde estaba a Ministra co comité de empresa estaba tamén o Secretario de Estado do Ministerio de Enerxías Ecolóxicas, por tanto o compromiso xa estaba de antes”.

Rematado o debate, e unha vez incluída a solicitude de engadir ó Ministerio de Transición Enerxética, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada.

## **6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA RECLAMAR A SEGREGACIÓN DA AUTORIDADE PORTUARIA DE FERROL-SAN CIBRAO E A CREACIÓN DA AUTORIDADE PORTUARIA DE SAN CIBRAO-LUGO.**

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, que di o seguinte:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista para reclamar a segregación da autoridade portuaria de Ferrol-San Cibrao e a creación da autoridade portuaria de San Cibrao.

A Xeografía, a Historia e a Cultura mostran dun xeito rotundo o carácter e a vocación marítima da provincia de Lugo, que conta con máis de 100 quilómetros de costa. Ó longo dos tempos, barcos e homes da Mariña surcaron os mares dende un enclave privilexiado que lles facilitaba incorporarse ás grandes rutas oceánicas ou chegar ós caladoiros do Cantábrico e dos mares do norte de Europa.

Dun xeito paradoxal, esta realidade tardou séculos en acadar recoñecemento administrativo. A creación das Provincias Marítimas remóntase ó ano 1607, durante o reinado de Felipe III, mais Lugo non acadou esta condición ata o ano 2002; case catrocentos anos para deixar constancia oficial dunha obviedade.

Esta tardanza en acadar o recoñecemento como provincia marítima é sen dúbida a orixe da anomalía que mantén a Lugo coma a única provincia costeira cun porto de interese xeral que carece de autoridade portuaria propia. O porto de San Cibrao sigue hoxe xestionado pola Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao, creada polo Real Decreto 1590, de data 23 de decembro de 1992.



Unha data na que tamén se integrou o porto granadino de Motril na autoridade portuaria de Almería-Motril.

Naquel ano de 1992, nin Lugo nin Granada tiñan aínda a condición de provincias marítimas, polo que pode entenderse a decisión do Estado de colocar os seus respectivos portos ó abeiro de autoridades portuarias situadas en provincias marítimas veciñas. Por tal motivo, a provincia de Lugo leva máis de 25 anos defendendo o seu carácter marítimo e a necesidade de que o porto de San Cibrao conte cunha autoridade portuaria propia. A reclamación como provincia marítima colleu novo pulo a partires de 1997 e foi acadada cinco anos despois, en 2002.

Nese mesmo ano 2002, o senador socialista Luis Angel Lago presentou unha moción instando ó Goberno a modificar o Real Decreto de 1992 e proceder “a la constitución de la Autoridad Portuaria de San Cibrao en la provincia marítima de Lugo”. En outubro de 2011 os deputados socialistas Ismael Rego, Ricardo Varela, Concepción Burgo, Miguel Angel Fernández, Sonia Verdes, José Manuel Gallego e Abel Losada levaron ó Parlamento de Galicia unha Proposición non de lei que instaba ó Goberno galego a negociar con Goberno de España a transferencia á Comunidade Autónoma do Porto de interese xeral de San Cibrao e a creación da Autoridade portuaria. As hemerotecas gardan testemuña das voces de partidos políticos, institucións, empresarios, autoridades e sindicatos facendo súa esta reclamación.

Na nosa opinión, hai tres grandes bloques de motivos para xustificar a necesidade de que o porto de interese xeral de San Cibrao conte cunha autoridade portuaria propia. Razóns que inciden na anomalía que supón no noso ordenamento territorial e autonómico que unha infraestrutura estratéxica para unha provincia veña xestionada dun xeito directo por un organismo localizado noutra veciña. Un organismo, a autoridade portuaria de Ferrol-San Cibrao, que conta coa presenza de so 3 representantes de Lugo nun consello composto por 16 membros.

- Motivos de índole ECONÓMICA. O porto de San Cibrao ven representando historicamente o 25% da cifra de negocio da actual autoridade portuaria. É pois un foco de importante actividade económica, que xera emprego directo e indirecto nunha ampla zona de influencia. É obxecto de inversións públicas e o seu desenvolvemento é tido en conta por as empresas privadas á hora de planificar as súas propias estratexias.

Entendemos que esta actividade económica, fundamental para o desenvolvemento da provincia, debe estar regulada por unha autoridade propia. Un organismo conectado dun xeito directo con territorio lucense, coas súas institucións, empresas e axentes sociais, que poda ter opinión propia á hora de deseñar as súas estratexias e decidir como emprega os recursos que xera. Un bo exemplo da incidencia económica negativa que ten a ausencia dunha autoridade portuaria propia reflíctese na negativa a abrir ó porto a actividade comercial. Á singularidade que supón a explotación do porto de San Cibrao por unha empresa privada, en réxime de concesión, súmase unha segunda anomalía, a dependencia dunha autoridade situada noutra provincia, cun coñecemento limitado da realidade lucense. A negativa a abrir ó tráfico comercial o dique norte do porto, que leva anos fora de uso, é unha boa mostra de decisións tomadas ó marxe das circunstancias e os intereses económicos propios da nosa provincia.

- **Motivos de ORDENAMENTO DO TERRITORIO.** Alén do seu impacto económico, o porto de San Cibrao é unha peza clave á hora de deseñar as estratexias de ordenamento do territorio. San Cibrao é un punto nodal a ter en conta para deseñar a rede viaria e ferroviaria, así como para planificar o desenvolvemento de todo tipo de infraestruturas provinciais. Os portos son centros de saída e chegada de mercancías e persoas, e tódolos expertos destacan a importancia do transporte marítimo neste século XXI así coma a necesidade de prolongar as grandes rutas marítimas mediante as conexións terrestres que permitan a distribución rápida ata os puntos de destino finais. O feito de non contar cunha plena independencia e capacidade de xestión e decisión sobre a actividade de San Cibrao supón para o provincia de Lugo a creación artificial dun punto cego onde debería haber unha peza clave.
- **Motivos relacionados coa PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA.** Os primeiros anos do século XXI veñen confirmando que este vai ser un século de cambios. De cambios importantes na economía, nos modelos de produción industrial, no respecto ó medio ambiente. No ano 2023 remata a actual concesión administrativa que outorgou a explotación do porto á empresa Arzoá. Non fai falta recordar os momentos de incerteza vividos nestas datas en torno ó futuro do emprego e da actividade industrial na factoría de Cervo. Ante os novos retos, a capacidade de deseñar propostas de futuro viables, propostas



que coiden do emprego, propostas que aproveiten dun xeito pleno a capacidade dos lucenses e a potencialidade do norte da provincia, pasan tamén por acadar unha xestión propia do porto de San Cibrao mediante a creación dunha autoridade portuaria. So deste xeito seremos quen de integralo nos planes de desenvolvemento da nosa provincia.

As comparacións son ás veces o mellor xeito de resumir unha anomalía. Granada, provincia costeira coma Lugo, acadou o recoñecemento de provincia marítima no ano 2004, dous anos despois que Lugo. Pero xa ó ano seguinte, o Real Decreto 940 de 1 de agosto de 2005, segregaba a autoridade portuaria de Almería-Motril en dúas, a de Almería e a nova de Motril, correspondente a Granada. Creemos que este antecedente, os motivos expostos e a tradición histórica e cultural da Mariña son motivos cumpridos para avalar a nosa demanda de que o porto de San Cibrao pase a depender dunha autoridade portuaria propia.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno a seguinte Moción:

A Deputación Provincial de Lugo insta ó Goberno de España, unha vez rematada a etapa en funcións e constituído o executivo con plenitude de funcións, a segregara a Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao e crear a Autoridade Portuaria de San Cibrao-Lugo”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial do BNG preséntase unha emenda, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo comparece e como mellor proceda en dereito, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para a súa adición na orde do día da sesión plenaria do vindeiro 29 de Outubro de 2.019, á seguinte emenda da moción do grupo provincial socialista para reclamar a segregación da autoridade portuaria de Ferrol-San Cibrao e a creación da autoridade portuaria de San Cibrao:

### EMENDA DE ADICIÓN:

Débese engadir o seguinte texto:

- “Que, en tanto non se cree a autoridade portuaria mencionada, realice as xestións e actuacións necesarias para modificar a composición do Consello de Administración da Autoridade Portuaria Ferrol-San Cibrao, a fin de aumentar a presenza lucense no mesmo, equilibrando a súa composición en función da aportación que en concepto de taxas cada un dos portos fai aos ingresos da referida Autoridade Portuaria.

- Emprender as accións necesarias para abrir ao tráfico comercial o dique norte do Porto de San Cibrao”.

Intervén a Sra. Deputada D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Hoxe traemos a Pleno unha iniciativa de gran trascendencia para a nosa comarca, para a comarca da Mariña, pero tamén para a provincia de Lugo, que é a creación dunha Autoridade Portuaria propia para San Cibrao en Lugo.

Os socialistas vimos defendendo esta reivindicación histórica con numerosas iniciativas que se foron plantexando diante das Institucións en numerosas ocasións; xa no 2002, cando Lugo acadou a condición de Provincia Marítima, o requisito indispensable para poder contar coa Autoridade Portuaria propia, o Partido Socialista a través do, por aquel entonces, Senador Luis Angel Lago Lage, defendeu na Cámara alta a constitución dunha xerencia portuaria en clave territorial para San Cibrao.

No 2011 as deputadas e deputados autonómicos do PSdeG, entre os que estaba un mariñán, Ismael Rego, levaron ó Parlamento de Galicia unha Proposición non de Lei que instaba ó Goberno galego a negociar co Goberno de España a transferencia á Comunidade Autónoma do porto de San Cibrao e a creación da Autoridade Portuaria.

Esta reivindicación conta ademáis cun forte e continuado respaldo dos axentes económicos e sociais da nosa provincia, a campaña en defensa da Autoridade Portuaria que veñen de emprender a Confederación de Empresarios de Lugo e a Federación de Asociacións de Veciños así o acredita.



Por iso dende a Deputación queremos darlles as grazas por este compromiso co futuro da nosa provincia.

E porque aquí estamos falando de compromiso, e compromiso coa Mariña, con Lugo, por riba de todo é o que estamos demostrando no Grupo Provincial Socialista con esta iniciativa plenaria, ó contrario do que fan outros Partidos Políticos nós poñemos os intereses da provincia por riba de calquera interese electoralista ou partidista; e con esta moción instamos ó Goberno Central a que, en canto teña plenas competencias, despois das eleccións, cree a Autoridade Portuaria de San Cibrao-Lugo.

Lugo é a única provincia marítima de España que ten un porto de interese xeral pero non cunha xestión propia; unha situación anómala do sistema portuario español que debe rematar. Lugo acadou, como dicía, a condición de Provincia Marítima xa no 2002, e dezasete anos despois seguimos sen ter esa Autoridade Portuaria.

Esta demanda ten unha trascendencia vital para o futuro económico da Mariña, e de Lugo, hoxe máis ca nunca se cabe pois na actual situación industrial e empresarial é fundamental para garantir a supervivencia económica da comarca contar cun activo económico da importancia do porto de San Cibrao. Unha infraestrutura que cunha xerencia propia podería abrirse a novas posibilidades económicas, novos tráxicos comerciais, e unha maior implicación coa súa contorna.

Coma sempre, formulamos esta demanda dende a lealdade institucional, este non é un reproche cara á xestión da actual Autoridade Portuaria de Ferrol-San Cibrao senón que queremos independizar a xestión para seguir colaborando no futuro, pero queremos colaborar en pé de igualdade co resto de Portos de interese xeral do Estado Español.

Tendo en conta a importancia desta moción e todo o que ela significa para o futuro da nosa provincia, pedimos a tódolos Grupos Políticos con representación na Corporación que se sumen a esta iniciativa e reclamemos de forma conxunta a necesidade dunha Autoridade Portuaria propia para Lugo.

Hai unha emenda de engádega do Bloque Nacionalista Galego que dende o Grupo Socialista imos aceptar”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Nós imos votar a favor, e máis agora que nos anuncian a aceptación da emenda.

Estamos de acordo no plantexamento, falaba antes o Sr. Agustín dos nacionalistas, isto vese que o deseño portuario foi feito con distancia e con pouco criterio territorial porque calquera pode entender que o porto de Ferrol e o de San Cibrao pouco poden ter en común, e calquera que viñera por aquí e se lle explique é capaz de entendela, que é fácil que haxa conflito de intereses; e o PSOE leva moito tempo traballando e o BNG tamén leva bastantes iniciativas neste sentido.

A maiores na nosa emenda de engádega xa recolleemos, porque hai reivindicacións da xente da zona, e por sentido común e porque está desaproveitado, o dique norte, a empresa non o está utilizando simplemente serve de protección e sería sinxelo abrilo ó tráfico comercial; esa é unha parte da nosa emenda de engádega; e a outra parte, como evidentemente aínda que acepte e se poña a iso o Ministerio hai un período de transición, abordar que no Consello de Administración se equilibren un pouco os poderes, porque co desequilibrio que hai e co peso que ten a comarca de Ferrol evidentemente os que defenden a comarca de Ferrol levan os investimentos para alí, cousa que me parece lóxica, e por iso o que pedimos é que nese tempo transicional que se faga un reparto máis equilibrado dos poderes para que non se siga prexudicando ó porto de San Cibrao.

Entonces, estamos completamente a favor, é algo de lóxica, que non ten ningún sentido que se prolongue no tempo, e cremos que é unha das medidas que pode reactivar máis alá da supervivencia de Alcoa, que ten que supervivir e é o máis importante, pero é un punto máis para potenciar a economía daquela zona. Por tanto nós estamos a favor”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Jesús Novo Martínez, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:





“En primeiro lugar dicir que imos votar a favor desta moción, aínda que creo que hai que puntualizar varias cousas.

Estou convencido de que dona Mayra non escribiu esta moción, se a escribira dona Mayra non diría que o dique norte está sen funcionamento; en primeiro lugar porque o dique norte aínda non é ningún muelle de atraque, e dígoo para quen non o saiba ou para quen non estivera alí, pero como sei que dona Mayra estivo por iso digo que non a escribiu. Iso é simplemente un dique, hai que transformar ese dique nun porto e facer un muelle.

En segundo lugar, en canto á emenda que presenta o BNG, aceptámola perfectamente pero, aínda que di “tomar tódalas medidas necesarias”, creo que hai que cambiar unha Lei que é do ano 2010 segundo a cal está totalmente delimitado o Consello de Administración, e a nosa provincia ten só os que ten neste momento, esta Lei é a 33/2010 do 5 de agosto; pero como di que hai que tomar tódalas medidas necesarias, esta sería unha das medidas que hai que tomar.

Creo que é a séptima vez que traemos esta moción á Deputación, que eu lembre xa a troxemos no ano 2011, no ano 2015, e por certo sempre se votou non por unanimidade pero si sempre a favor. Votouse un acordo no Congreso dos Deputados, que tamén se aprobou. O Goberno socialista antes de gobernar, ou xa gobernando, dixo que ía haber unhas partidas orzamentarias para levar a cabo estas actuacións, de momento non vimos nada.

Pero o que sí é certo é que Alcoa na súa totalidade, agás o Portiño de Morás, é unha concesión feita á empresa Alcoa, primeiro haberá que amañar esa concesión, que é do que se tratou sempre, se non recordo mal remata no ano 2023, por tanto haberá que arreglar ese tema. Esperemos que non se arregle antes do que nós pensamos porque senón creo que sería malo, o motivo sabémolo, acabamos de debatelo na moción anterior, e primeiro haberá que arreglar isto.

Por outra banda das doce mil toneladas de mercancía que move o porto de Ferrol-San Cibrao no ano, cinco mil correspóndenlle a San Cibrao, cinco mil só de bauxita, cinco mil só das que move Alúmina. Entónces ó mellor non é o momento pola situación en que se atopa Alúmina, que por certo simplemente recordarlle a dona María Loureiro, xa que falou diso, que antes de que ela fora Alcaldesa xa estaba eu nas manifestacións de Alúmina, porque é certo que as houbo e este

non é un problema que acaba de xurdir, o que tamén é verdade é que este problema é o que máis negro se ve quizá porque sexa o máis próximo que temos, o que estamos vivindo neste momento, ata agora os que houbo sempre se foron solucionando, nunca se deu o caso de chegar á situación en que está Alúmina neste momento.

É moi importante Alúmina porque senón xa me dirán vostedes para que valería a Autoridade Portuaria de San Ciprián, para nada; tanto Celeiro, como Burela, como Ribadeo, moven moi poucas toneladas, Celeiro move algo de cuarzo e madeira, Burela move madeira, o mesmo ca Ribadeo, pero dende logo son moitísimas menos toneladas das que move neste momento Alúmina soamente.

Repito que imos votar a favor, sobre todo polo interese que demostrou a CEL e a Federación, que ademáis creo que teñen moita razón, e sería estupendo polos postos de traballo que crearía na nosa comarca”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Agradecer o consenso manifestado polos diferentes Grupos, porque dende o Grupo Provincial Socialista entendemos que esta actividade económica é fundamental para o desenvolvemento da nosa provincia, e que como tal debe estar regulada por unha Autoridade propia, por un organismo conectado dun xeito directo, como reclaman tanto a CEL como a Federación de Asociacións de Veciños da provincia de Lugo, co territorio lucense, coas súas Institucións, coas súas empresas, cos axentes sociais, en definitiva que poida ter unha opinión propia á hora de deseñar as súas estratexias e de decidir como emprega os recursos que xera, porque a día de hoxe non se fai e practicamente todo recae na zona de Ferrol.

Pero queremos facer, tal e como exponemos nesa moción, por diferentes motivos, que tamén quero aproveitar este momento para recalcar; de ordenamento do territorio, obviamente tódolos que estamos aquí somos conscientes das limitacións que temos nas vías de comunicación viarias da nosa comarca, e sen dúbida o transporte ferroviario tamén é fundamental para planificar o ordenamento do territorio e tamén para planificar o seu desenvolvemento; pero por outra banda



tamén polo interese que ten ante novos retos, obviamente somos conscientes da problemática que hai e non podemos desperdiciar unha oportunidade como é ser capaces de decidir sobre o noso territorio, como unha capacidade para xerar emprego e tamén para aproveitar á hora desa industrialización tan importante que temos que manter e incluso mellorar.

Pola nosa banda nada máis, unha vez máis agradecer o apoio dos Grupos Políticos; agradecer tamén que nos acompañen diferentes representantes tanto da CEL como da Federación de Asociacións de Veciños, e o seu interese mostrado por esta iniciativa”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“É verdade que eu son de interior e non coñezo o porto como os que están alí, pero si que me referín ó dique norte porque me informei e sei que é un dique, e de aí falamos de que ese dique se poda transformar nun porto; non me refería a que xa se poda usar senón a traer inversións para ese dique.

E en canto ó momento, creo que isto non interfere para nada a actividade de Alcoa, e sempre é un bo momento para dinamizar a economía daquela zona. Entonces non vexo que sexa un mal momento porque o dique que está usando Alcoa nada lle afectaría máis que nos seus órganos de goberno, e ninguén propuxo aquí sacarlle o convenio que hai de uso, entendo que a moción non ía nese sentido e nada di diso, a nosa emenda tampouco; por tanto creo que si que é o momento e calquera medida que sexa para dinamizar a economía da provincia e da comarca da Mariña ven nun bo momento. En canto ó que dicía da Lei, evidentemente por iso puxemos o que vostede ben dicía de tomar as medidas oportunas para facer ese cambio.

Para rematar dicir que me alego deste consenso porque sinceramente cremos que sería un bo punto dinamizador da economía da comarca da Mariña”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. José Jesús Novo Martínez, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Quero explicar o motivo polo que dixeran que é un espigón, porque aquí falan do dique norte e din que leva anos fóra de uso, pero o dique norte non leva anos fóra de uso, é un dique, se houbera un muelle e ninguén atracara alí si que se podería dicir que leva anos fóra de uso.

Dicir tamén, xa que na moción anterior se mencionou a Aznar, que foi precisamente no goberno de Aznar onde Lugo foi declarada como Provincia Marítima, iso tamén interesa recordalo.

E digo o do momento propicio pola situación de Alúmina, antes xa mencionei as toneladas anuais que estaba movendo, pero se desaparece Alúmina pouca actividade podería ter o porto, agás que se desenvolvan outro tipo de actividades na Mariña. Dende logo eu non vou ser a persoa que non desexe para a Mariña, todo o contrario, para toda a provincia, o máximo movemento, as máximas actividades, e a máxima xeración de emprego”.

Intervén a Sra. Deputada D<sup>a</sup>. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“Simplicitemente dicir que, con independencia de que crean que é o momento ou non, evidentemente estamos nunha situación anómala, e así o pon a moción, quero dicir que temos exemplos doutros lugares, como en Granada que tardaron un ano en ter a Autoridade Portuaria propia e segregala. Polo tanto dende o 2002 ata o 2019, que van dezasete anos, creo que, con independencia de que sexa o mellor momento ou non, vai sendo hora xa de intentar resolver esta anomalía.

Unha vez máis agradecer o consenso de tódolos Grupos”.

Seguidamente intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Agradecendo as aportacións dos empresarios e da Federación de Asociacións de Veciños da provincia, e tamén o posicionamento dos tres Grupos Políticos, sometemos a votación a iniciativa do Grupo Provincial Socialista, coa emenda de engádegas do BNG, pola que se solicita a creación da Autoridade Portuaria San Cibrao-Lugo”.



Rematado o debate, e unha vez aceptada a emenda do Grupo Provincial do BNG, e incluída na moción, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á moción presentada.

### **7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA RECLAMAR MELLORAS NAS DOTACIÓNS DE PERSOAL E NOS HORARIOS DAS AMBULANCIAS DE FOZ E MONFORTE.**

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista para reclamar melloras nas dotacións de persoal e nos horarios das ambulancias de Foz e Monforte.

Durante os últimos dez anos, a situación de Sanidade Pública na provincia de Lugo ven sufrindo as consecuencias das políticas de precarización e falta de previsión desenvolvidas polo Partido Popular de Galicia. Zonas con insuficiente cobertura médica ou nas que non se prestan determinadas especialidades, médicos con sobrecarga de pacientes, profesionais que firman centos de contratos de apenas unhas horas ou uns días de duración...

As consecuencias da mala xestión sanitaria da Xunta de Galicia chega mesmo ós sectores sanitarios nos que recorre á iniciativa privada. Un bo exemplo é o sector das ambulancias, no que non deixaron de producirse protestas dos traballadores polas condicións nas que prestaban os servizos. Unhas condicións determinadas polo erróneo plantexamento deseñado dende a Consellería de Sanidade.

O pasado 29 de abril, o Servizo Galego de Saúde e a Fundación de Urgencias Sanitarias de Galicia- 061 publicaron os pregos das condicións técnicas do novo concurso público para a prestación do servizo de transporte sanitario urxente. Un concurso que supuxo, en se mesmo, o

recoñecemento implícito dos erros cometidos, ó incrementar nun 50% – case 185 millóns fronte ós 121 anteriores – a contía económica destinada ó servizo.

Por desgracia para os galegos e galegas, o tempo acabou dando a razón ó Partido Socialista de Galicia, que en 2015 xa advertiu de que a prórroga das deficientes condicións económicas do concurso xeraría problemas no sector. Pero a Consellería de Sanidade non se decidiu actuar ata que as consecuencias da conflitividade laboral no sector ocuparon as portadas de tódolos medios de Galicia.

Por desgracia, e a pesar deste incremento económico, o novo concurso non resolve, mesmo agrava, as deficiencias históricas sufridas por moitas comarcas de Lugo no que fai ó transporte sanitario urxente. No seu desprezo e incompreensión da esencia dos servizos públicos, a Xunta de Galicia non dubida neste concurso en crear “pacientes de segunda”, galegos e galegas que, para a Consellería de Sanidade, non teñen dereito a percibir a mesma atención que o resto dos galegos.

O devandito concurso estima que a dotación tipo dunha ambulancia de transporte sanitario urxente estará composto por catro persoas: un médico ou unha médica, un enfermeiro ou enfermeira e dous persoas técnicas de emerxencias. Máis esta dotación redúcese nas ambulancias de Foz e Monforte (tamén no Salnés), con conseguinte prexuízo para os pacientes e o deterioro da atención sanitaria nas zonas afectadas. No caso de Foz, suprimiuse un técnico co que viña contando esta dotación; no caso de Monforte, se cubre por fin a demanda dunha ambulancia medicalizada, formulada dende hai tempo polo Concello e polos veciños, pero créase cunha dotación reducida.

A creación de feito de cidadáns de primeira e de segunda non resiste ningún análise político ou xurídico. A ambulancia de Soporte Vital Avanzado de Monforte estreouse prestando atención o pasado día 16 a unha nena vítima dun atropelo. Por que esta nena de Monforte recibiu unha atención sanitaria recortada, con menos persoal do que atendería un mesmo suceso en Lugo, Ourense ou na Coruña?

Cumpre recordar que estamos falando de atención sanitaria en doenzas tempodependentes, nas que a vida dos doentes corre perigo e nas que a rapidez da resposta é fundamental para garantir os mellores resultados. Hai multitude de protocolos sanitarios nos que resulta obrigada a presenza



de dous técnicos: accidentes de tráfico, incidentes con múltiples vítimas, paradas cardíacas, inmobilizacións e traslado de certo tipo de doentes... Ademais, a presenza de dous técnicos garante a calidade do servizo e resulta fundamental en zonas de carácter rural á hora de localizar e chegar ó punto no que se localiza a emerxencia.

Para incrementar as deficiencias do servizo, lembremos que a ambulancia asistencial con base en Foz veu reducido hai anos o seu horario asistencial de 24 a 12 horas, un recorte que o Sergas vense negando a reverter, aínda que si o fixo noutras zonas como Pedrafita do Cebreiro ou Folgoso do Caurel.

Como temos denunciado dende o Partido Socialista, a situación das ambulancias supón un episodio máis da desatención da sanidade pública lucense por parte da Xunta de Galicia. Enfermeiras que non son substituídas perante as súas vacacións, como en Burela; centros que tardan meses en cubrir vacantes de médico, como a Pontenova; pediatras que atenden boa parte do ano en solitario a 2.000 nenos e nenas, coma ocorre en Viveiro ou atenden ó mesmo tres localidades, no caso de Barreiros, Lourenzá y Mondoñedo.

Esta situación ten sido levada ó Parlamento de Galicia polos deputados socialistas Patricia Otero, Julio Torrado e Noela Blanco, nunha proposición non de lei do pasado 2 de maio, que pedía igualar a prestación dos servizos de ambulancias medicalizadas de Lugo ca que reciben o resto dos galegos.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista rexeita as desigualdades que en atención sanitaria de urxencias sofren as comarcas de Foz e Monforte e somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo inste á Xunta de Galicia a

- Modificar as condicións do concurso para o Servizo de Transporte Sanitario Urxente Terrestre da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061 de xeito que as ambulancias medicalizadas que operan con base en Foz e Monforte contén coa dotación completa de persoal, composta por un médico ou unha médica, un enfermeiro ou enfermeira e dúas persoas expertas en Urxencias Sanitarias.

- Recuperar o horario de 24 horas para a ambulancia asistencial con base en Foz”.

Intervén a Sra. Deputada D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Hoxe traemos a Pleno esta moción ara abordar o deterioro na prestación dos servizos de ambulancias na nosa provincia, e quero tamén aproveitar a ocasión para saudar ós técnicos e médicos en emerxencias que nos acompañan nesta sesión plenaria.

Como dixen, traemos a este Pleno esta moción para abordar o deterioro na prestación dos servizos de ambulancias na nosa provincia, xa que durante os últimos dez anos a situación da sanidade pública na provincia de Lugo veu sufrindo as consecuencias das políticas de precarización e falta de previsión que se desenvolveron por parte do Partido Popular de Galicia. Falamos de zonas con insuficiente cobertura médica ou nas que non se prestan determinadas especializadas, médicos e médicas con sobrecarga de doentes, profesionais que firman centos de contratos de apenas unhas horas ou uns días de duración.

Desta mala xestión sanitaria da Xunta de Galicia chégase ata os setores nos que concorre a iniciativa privada, acadando mesmo o servizo das ambulancias no que non deixaron de producirse protestas dos traballadores e traballadoras polas condicións nas que se ven obrigados a traballar, unhas condicións determinadas polo erróneo plantexamento que deseñou a Consellería de Sanidade.

Hai uns meses, o pasado 29 de abril, a Xunta de Galicia publicaba os pregos das condicións técnicas do novo concurso público para a prestación do servizo de transporte sanitario urxente. Un concurso que xa en si mesmo recoñecía os erros cometidos no pasado, porque se incrementa nun 50% pasando dos 121 millóns de euros anteriores ós 185, é dicir que se incrementa en 64.

Por desgraza para todos nós o tempo acabou dándonos a razón ós socialistas que no 2015 xa advertiamos de que a prórroga das deficientes condicións económicas do concurso xerarían problemas no sector. Pero a Consellería de Sanidade non quixo actuar ata que as consecuencias da





conflictividade laboral no sector ocuparon as portadas de tódolos medios de Galicia cos traballadores e traballadoras como protagonistas na demanda dun mellor servizo.

Dicíalles hai un momento que a pesares dese incremento económico o novo concurso non resolve, incluso agrava, as deficiencias históricas que se sofren en moitas comarcas da nosa provincia no que fai referencia ó transporte sanitario urxente.

Nese concurso estímase que a dotación tipo dunha ambulancia de transporte sanitario ten que contar como mínimo con catro persoas: un médico ou unha médica, un enfermeiro ou enfermeira e dúas persoas técnicas de emerxencias; pero esta dotación redúcese nas ambulancias de Foz e Monforte, como acontece no Salnés, tres casos en toda Galicia, co conseguinte prexuízo para que os pacientes reciban en correctas condicións a prestación do servizo. No caso de Foz suprimíuse un técnico co que se viña contando; e no caso de Monforte cóbrese por fin a demanda desa ambulancia medicalizada, formulada dende hai tempo polo Concello e polos veciños, pero créase cunha dotación reducida.

Polo tanto estamos ante un feito que é a creación de doentes de primeira e de segunda clase, na nosa provincia en dúas localizacións temos doentes de segunda clase, en Foz e en Monforte. A ambulancia de soporte vital avanzado de Monforte estreouse prestando o servizo o pasado día 16 a unha nena vítima dun atropelo, e a miña pregunta é porqué esta nena recibiu en Monforte unha atención sanitaria recurtada diferente á que podería recibir se estivera en Ourense, na Coruña, en Lugo, ou mesmo en Vigo?.

É necesario recordar que estamos falando de atención sanitaria en doenzas tempodependentes, é dicir nas que a vida dos doentes corre perigo e nas que a rapidez da resposta é fundamental para a posterior recuperación para garantir os mellores resultados. Hai multitude de protocolos sanitarios nos que resulta obrigada a presenza de dous técnicos ou técnicas, falamos de accidentes de tráfico, incidentes con múltiples vítimas, paradas cardíacas, inmovilizacións e traslado de certo tipo de doentes. Ademais, a presenza de dous técnicos no medio rural, que é o que máis nos atinxe nesta provincia, garante chegar con maior facilidade, e moitas veces é a única forma de garantir que se chegue a localizar un punto onde temos un doente na zona rural.

Non sendo suficiente o infraservizo de Monforte para incrementar as deficiencias, que é o que está facendo a Xunta de Galicia, a ambulancia asistencial con base en Foz ve reducido dende hai anos o seu horario, pasando de 24 a 12 horas. Porqué en Foz pasa isto mentres que noutros lugares se fixo o contrario e reverteuse a situación?, pois a iso nos terá que contestar a Xunta de Galicia.

Nós témolo denunciado dende o Partido Socialista no Parlamento de Galicia, temos denunciado esta discriminación negativa que se ven sufrindo na prestación de servizos sanitarios na provincia de Lugo, pero a resposta do Sr. Feijóo ata o momento foi nula.

Por iso nós con esta moción sumámonos ás demandas que fan os profesionais en emerxencias que atenden ó servizo de ambulancias, e queremos instar á Xunta de Galicia a que se modifiquen as condicións deste concurso para o Servizo de Transporte Sanitario Urxente Terrestre da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia do 061, de tal forma que as ambulancias medicalizadas con base en Foz e en Monforte contén coa dotación completa de persoal. E tamén que se recupere o horario de 24 horas para a ambulancia asistencial con base en Foz”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Como ben saben tiven o pracer nestes últimos anos de exercer como Alcalde de Foz, dende o ano 2011 ata o ano 2019, polo que tamén lle digo á Sra. Loureiro, igual que o Alcalde de O Vicedo, Sr. Novo, que eu tamén estiven nesa manifestación e ademáis tivemos que aguantar caídas de petardos, e diciannos “onde están os Alcaldes do PP?”, pois estabamos alí, ou sexa que iso tampouco poden eliminalo porque afortunadamente nestes últimos anos melloramos nese sentido, e nestas últimas concentracións non se botou en falta a ninguén, nin se fixo propaganda con iso como dicía o Sr. Castro.

Como dicía antes, fun Alcalde de Foz durante estes oito últimos anos, e con elo puiden aprezoar como testemuña directa o boísimo funcionamento da ambulancia medicalizada en Foz. Foi un equipamento que se dotou no ano 2010, por certo Sra. García, por un Goberno do Partido Popular recen rematado o goberno do bipartito que non fixo absolutamente nada neses últimos



catro anos pola Mariña, e veu naquel momento o goberno de Feijóo e instalou a modo de proxecto piloto unha ambulancia medicalizada que sae arredor dun millón de euros aproximadamente por ano.

Pero todos estamos encantados dese servizo, dese grandísimo equipamento, e estamos tamén encantados de que ese modelo se exporte agora ó Salnés e a Monforte. Pero non só dese equipamento, senón que hoxe estamos aquí porque ademáis hai unhas reclamacións dun colectivo que responde ós técnicos das ambulancias, e por suposto vaia aí o noso máximo aprezo dende o Partido Popular para ese colectivo, tanto médicos como enfermeiras, pero especialmente neste caso ós técnicos das ambulancias, entre os cales teño moita xente coñecida, e que efectivamente neste caso viron mermado un facultativo na ambulancia da Mariña, e polo mesmo efecto en Monforte e no Salnés. Eu vin traballar a ese equipo e a verdade é que é digna de recoñecer a súa actividade.

E dicíamos que efectivamente ese servizo creouno no ano 2010 o Partido Popular, cremos que ese servizo foi moi efectivo con todo o equipamento e con todo o persoal que tiña a ambulancia, e por iso imos votar a favor, así o fixemos tamén na Corporación de Foz porque entendemos que ese modelo é o que debe seguir activo, con dous técnicos, unha enfermeira, e un médico. Votamos a favor porque queremos seguir mellorando, queremos melloras para a Mariña, e queremos melloras por suposto tamén para Monforte.

Entendemos que as medicalizadas da Mariña e Monforte son dous servizos básicos que fan básicamente dúas funcións importantísimas; a primeira delas que son traslados intrahospitalarios de doentes críticos, por exemplo pacientes con ictus, con infartos, asepsis, dende os centros comarcais ata os centros xerais ou outros hospitais de toda Galicia. Aí si entendemos as razóns que dá a Consellería de que o segundo técnico é menos necesario, pero tamén é certo que máis do 50% das actuacións que fai unha ambulancia medicalizada son en asistencia primarias e emerxencias; como dicía antes desgrazadamente fun testemuña de moitas desas emerxencias e sei perfectamente que a necesidade do segundo técnico é imperiosa; o segundo técnico en moitos momentos é practicamente a persoa que xeolocaliza ó conductor, é a persoa que en dificultades gravísimas ás veces no noso medio rural, incluso en condicións de néboa ou de noite, hai que chegar a domicilios con moitísima complexidade, despois hai que iniciar un operativo, hai que chegar incluso a casas que non teñen os medios suficientes para facer despois eses tralados hacia a ambulancia

medicalizada; os médicos e os enfermeiros non poden facer de técnicos, e polo tanto neses casos si que é necesario o segundo técnico.

Polo tanto lóxicamente imos votar a favor desta circunstancia, pero dende logo que non imos entender o catastrofismo que vostedes plantexan aquí coa sanidade galega, como dicía o Sr. Presidente, tachar a súa intervención de profeta catastrófico como nos acusaba a nós; e entender que na provincia de Lugo se fixeron moitísimas melloras nestes últimos anos, que lóxicamente na miña seguinte intervención me gustaría sinalar”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Non vou entrar no labor dos profesionais porque creo que estamos todos de acordo con tódalas louvanzas que fixeron os meus compañeiros, e porque por desgraza calquera pode ter ou ter tido alguén que necesitou dese servizo e ver o profesionais que son, por tanto creo que iso está fóra de debate. E sorpréndeme a intervención do Sr. Castiñeira cando di que é necesario, alegrámonos diso pero dígallo á Xunta.

Pero todo isto non é nada novo porque ó final é a política do Partido Popular coa sanidade, privatización, precarización e sacar a calculadora, calculadora económica e calculadora de votos; e por desgraza vivimos nunha provincia que se está despoboando e iso para o Goberno da Xunta significa que non é rendible investir na provincia de Lugo; e un día son as ambulancias, outro día son servizos necesarios no HULA ou no Hospital da Costa, e é a política do Sr. Feijóo, porque só sacan a calculadora, e como non é rendible non invisten na provincia.

Aínda así paréceme unha boa proposta, polo tanto fágano, e oxalá a súa conversa coa Consellería teña froitos, porque no que estamos de acordo é en que é moi importante ese técnico, vostede dicíao e coñece de primeira man o servizo por como o describiu, e iso é algo bo para abordar estes debates. Vostede di que foron catastrofistas as declaracións pero é que é unha catástrofe, cada día os datos son peores, e nas provincias tanto de Lugo coma de Ourense como sacamos a calculadora e non merecemos a pena, cada vez peor.



Aínda así é bo que cheguemos a un acordo nisto porque todos entendemos que hai que solucionalo, e que nestas cousas, sen querer ser tampouco amarelista, xogámonos vidas; por tanto que ese servizo funcione ben é un tema moi importante no que a Xunta debería tomar nota do que saía desta Deputación, e do que podan facer vostedes, eu agradézolle todo ese traballo que podan facer para mellorar ese servizo”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Sr. Castiñeira, vostedes poden vestir o Santo como queiran por suposto, e vostedes decidiron vestilo neste caso de comprensión e coñecemento do bo funcionamento do servizo por parte dos profesionais, no que dende logo estamos todos absolutamente de acordo. Pero os datos son tamén totalmente obxectivos, e o certo é que ese concurso público que acaba de sacar a Xunta de Galicia para adjudicar os servizos de ambulancias medicalizadas considera que teñen que ser esas catro persoas as que teñen que ocupar os postos, e a mín gustaríame que as xestións que fixo vostede ante a Xunta de Galicia, nas que ata o momento o coñecemento que temos é que veu coas mans baleiras, se consoliden ademáis co apoio de tódolos seus compañeiros nesta Corporación, e contando tamén co noso respaldo, para que finalmente contemos con ese servizo completo.

A verdade é que é difícil chegar a comprender porqué a Consellería de Sanidade e a Xunta se emendan a si mesmas a plana e deciden infradotar de persoal o transporte sanitario urxente de Foz e de Monforte; a verdade é que parece que houbera certa fixación coa sanidade lucense, ou que nos vexan como Lugo sitio distinto con respecto ó resto de Galicia, que pasa na nosa provincia que temos horarios para enfermar diferentes ó resto?; estamos falando dun recurte puro e duro.

Hai outras ambulancias que estaban funcionando e que agora mesmo deixan de funcionar e utilízanse estas medicalizadas para facer desprazamentos, e isto, dende o meu pouco coñecemento ó mellor comparandoo co seu, que vexo que demostra un amplo coñecemento da materia, o único que me fai pensar e sospeitar é que a Xunta de Galicia con isto aforra douscentos euros, que é o que lle custa poñer un médico nese servizo; a verdade é que isto non é agradable como veciño da provincia de Lugo.

Ademáis tamén me gustaría que nesas reunións que vostede ten cos seus representantes na Xunta de Galicia lles traslade que tal vez esas demisións de trinta xefes de Servizo responden a un certo descontento co funcionamento por parte da Consellería e da Xunta de Galicia?; tal vez os profesionais non se senten cómodos co traballo que teñen que desenvolver e as funcións coas que teñen obriga e os medios cos que contan ?; creo que sería importante que lle dera traslado tamén de todo isto ó Partido Popular na Xunta de Galicia.

E se falamos de datos, unha soa ambulancia na Mariña para 80.000 habitantes, que se duplican ou triplican no verán. Eu creo que debemos ser serios e rigorosos, eu agradézolle a comprensión e o esforzo, porque supoño que non é doado enfrontarse á maquinaria do seu Partido para recoñecer que é necesario todo isto, e recoñézolle ademáis a valía porque xa o fixo en ocasións anteriores; pero a racionalidade do gasto público, esa da que tanto presume o Sr. Feijóo, non pode selo cando pon en risco a saúde e a vida das persoas. E por iso eu vexo tamén como algo positivo a súa suma a este esforzo que todos queremos facer por trasladarlle á Xunta de Galicia a necesidade de dotar axeitadamente este servizo”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“A verdade é que eu entendo que os membros do bipartito non teñen moita potestade para achacarlle inversións ó Partido Popular nesta provincia, nunca tantos recursos se destinaron nos Orzamentos, incluso co bipartito que no seu momento dispuxo dos orzamentos con máis diñeiro da historia, e nunca tantos recursos se destinaron precisamente para a sanidade; máis do 40% dos Orzamentos da Xunta de Galicia son para sanidade.

Nestes dez anos de goberno o Partido Popular, por dicir algunhas desas, como di a Sra. García discriminacións negativas, fixo certas inversións que a mín non deixan de parecerme bastante importantes; dotouse un hospital, o HULA que vostedes deixaron en ladrillo, púxose en servizo ese novo hospital para Lugo tan importante; estase a ampliar o hospital da Mariña; prevese ampliar o hospital de Monforte con dezasete millóns de euros; puxéronse en marcha servizos importantísimos como a hemodinámica, a hospitalización a domicilio, ou na Mariña e en Monforte a oncoloxía tan importante para os enfermos de cancro das nosas comarcas. Nos novos



Orzamentos, por citar unha inversión importante, van sete millóns de euros no novo barrio da Residencia para o centro integral de primaria.

En definitiva, son inversións de millóns de euros en reformas de hospitais, centros de saúde, e lóxicamente tamén no 061; como vostedes din pasamos de 121 millóns de euros a 185, por tanto non entendo que iso sexa un recurte. É certo, e por iso estamos aquí, que non estamos de acordo nesas prazas dos técnicos ás que abogamos que se poñan.

Fala vostede da precariedade de Monforte e da Mariña, pois mire en Monforte hai tres PACs, hai un hospital comarcal que, como dicimos, vai ser reformado nos próximos anos; hai catorce centros de saúde, tres ambulancias asistenciais en Chantada, Monforte, Quiroga, e agora unha ambulancia medicalizada máis unha ambulancia básica 24 horas na zona do Courel. Na Mariña temos, aparte dos vinte centros de saúde, un novo centro remodelado, un novo hospital; e non temos só unha ambulancia senón que hai catro, en Viveiro, Burela, en Ribadeo, Mondoñedo, e a de Foz medicalizada.

E eses complexos dos que vostedes falan entendo que non teñen ningún sentido. E remato como dixo o Presidente, non se fagan profetas do catastrofismo e menos coa sanidade, porque ó final aí estamos todos. Un servizo que é moi ben valorado por tódolos galegos”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Eu creo que esa obsesión que teñen co bipartito teñen que facelo mirar, porque diso hai dez anos, vostedes levan dez anos aquí e as cousas malas son do bipartito; mire, tómense o debate con seriedade, porque parece que non leva dez anos o Sr. Feijóo desmantelando a sanidade pública galega.

E logo vostede trae aquí unha listaxe do que fai a Xunta, pero que a Xunta dea servizo sanitario á provincia de Lugo é a súa obriga, ó mellor quere que lle deamos un aplauso á Xunta por ter hospitais e ambulancias; esa listaxe está moi ben pero se é innecesario de que vale?, qué quere

dicir, que se hai tres hospitais e fan falta cinco, ou están mal dotados, hai que darlle un aplauso á Xunta?, non.

E volvo dicirlle que o Partido Popular saca a calculadora, e neste país hai cidadáns de primeira e de segunda, e poñerse enfermo ou ter un accidente na provincia de Lugo é peor ca que ocorra na provincia da Coruña, e iso non pode ser, e dende esta Deputación temos que defender a igualdade de condicións; e vostedes saben que o nivel de investimento non é igual en tódalas provincias, e saben que a provincia de Lugo está discriminada por moito que saque agora a listaxe de que hai hospitais, pois claro que os hai, só faltaría!, e se fora por vostedes serían privados que é cara a onde avanza.

Cita vostede aquí o bipartito, trae unha listaxe, e logo reconece que o servizo de ambulancias está mal, porque no fondo reconeceu que ese concurso que sacou está mal, que debería incluír ese técnico. Pois iso é o que están facendo con outras moitas cousas, a sanidade dista moito de ser perfecta, e non somos catastrofistas senón que somos realistas. E eu, e o meu Grupo, dende aquí defenderemos sempre que a provincia de Lugo teña os mesmos servizos cás demáis. E non é xusto que sexa máis perigoso ter un accidente na provincia de Lugo que na da Coruña, ou que teña menos posibilidades de saír vivo; e iso é o que fan vostedes con esas decisións, son decisións coa calculadora electoral.

Por tanto creo que deberían facerse mirar a obsesión e poñerse a traballar en que a sanidade galega estea ó nivel que debería estar, porque non o está por moito que saque unha listaxe de cousas que hai, que parecía que tiña aí a listaxe da compra”

Intervén a Sra. Deputada D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para manifestar o seguinte:

“Para rematar xa, creo que debemos centrarnos na parte que nos atinxe a esta proposta que é a de deseñar un mellor servizo para a prestación de urxencias, que conte coa dotación de tódolos profesionais necesarios para desenvolvelo. Pero eu non quero rematar sen dicirlles que non pode ser racional o deseño dun transporte sanitario que non ten en conta as particularidades da provincia de Lugo, como son a dispersión da poboación, a situación das estradas, e que fai que, a pesares





dese excelente traballo recoñecido ós profesionais sanitarios, os pon na tesitura de non chegar en condicións de facer o seu traballo en condicións idóneas e ás veces por desgraza mesmo de chegar tarde.

Para desgraza de tódolos habitantes da provincia de Lugo o Partido Popular en medidas sanitarias a verdade é que non sei se non se lles espera, pero cando menos espéraselle sempre tarde. Falaba vostede da hemodinámica 24 horas, dez anos despois, centos e centos de quilómetros percorridos por moitos doentes para recibir tratamentos oncolóxicos antes de poder recibilos aquí. E eu insisto, non hai diferenza entre os habitantes dentro de Galicia”.

Rematado o debate, e efectuada a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á moción presentada.

### **8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA QUE A XUNTA DE GALICIA PRIORICE NOS SEUS ORZAMENTOS PARA O ANO 2020 O DESDOBRAMENTO DO “CORREDOR NADELA-MONFORTE”.**

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción para que a Xunta priorice nos seus orzamentos para o ano 2020 o desdoblamento do “Corredor Nadela-Monforte”.

#### *Exposición de Motivos:*

Cos primeiros anuncios dos futuros orzamentos da Xunta de Galiza para o vindeiro ano 2020 podemos comprobar coma se continúa coas mesmas promesas que nunca se cumpre. Hai proxectos que o Partido Popular leva anunciando os últimos catro anos a bombo e prato en Lugo e dos que aínda non vimos mover unha pedra.

Este é o caso do desdoblamento do “Corredor Nadela – Monforte” para o que a Xunta de Galiza unicamente prevé un investimento de 3 millóns de euros no proxecto de orzamentos para 2020. Pospondo a súa completa execución ata coma mínimo o ano 2023; cunhas previsións de 7 millóns en 2021 e 2022, e 1 millón en 2023.

Estamos a falar de menos do que foi orzamentado en 2018, cando consignaban 4 millóns de euros, xa daquela prevían investir 6 millóns para 2019 e outros 6 millóns para 2020 mais o certo é que non executaron nin un só euro, o corredor non comezou a desdoblarse e aínda por riba queren facelo en anacos e non no seu conxunto como vimos reclamando desde o BNG.

É unha tomadura de pelo á veciñanza de Lugo, de Sarria e de Monforte. O PP comprometeuse a converter o corredor en autovía en 2011, van oito anos e non fixeron nada malia que as expropiacións no tramo Nadela-Sarria están feitas xa.

Dende o BNG queremos lembrar a este Pleno e á Xunta de Galiza os riscos que para a seguridade viaria ven supoñendo esta infraestrutura. Onde se teñen rexistrado importantes e graves accidentes, con vítimas mortais en numerosos casos, polo que a conversión en autovía é, ademais dunha urxencia, unha grande necesidade que o Partido Popular non pode seguir adiando.

Polo exposto con anterioridade, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo logo de someter a debate esta moción propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos:

1.- A Corporación da Excma. Deputación Provincial de Lugo insta á Xunta de Galiza a que o desdoblamento do “Corredor Nadela – Monforte” se execute na súa totalidade no menor prazo tecnicamente posíbel.

2.- En consonancia co anterior, que a Xunta de Galiza dote orzamentariamente con fondos suficientes para o ano 2020 as obras do tramo de maior perigosidade entre Lancara e Sarria, para que a obra inicie no curto prazo e se remate coa maior brevidade, antes dos 4 anos contemplados pola Xunta de Galiza”.



Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Por desgraza temos que seguir na mesma. Falabamos antes da discriminación da provincia, e de actos publicitarios con contido baldío, e o tema do corredor Nadela-Monforte é un claro exemplo. Non podo contar as veces que anunciou o Presidente da Xunta o desdoblamento do corredor, depende un pouco das convocatorias electorais, pero levo anunciando e caendo en saco roto porque tristemente espertabamos co proxecto de Orzamentos onde viamos que só se prevé un investimento de tres millóns de euros para desdobrar o corredor, iso é ridículo para a inversión que fai falta.

Prevén este ano tres millóns de euros, sete no ano 2021, sete no 2022, un no 2023, e levamos con isto máis de dez anos, con cambios de proxecto, hai dous anos dicían que este ano ían investir catro, agora son tres, e facéndose fotos e facéndonos pasar por parvos ós da comarca de Sarria e de Lemos. E volvo dicir o mesmo que coas ambulancias, non quero ser aquí amarelista, pero vendo tódolos accidentes que houbo neste tramo ó mellor deberían darlle prioridade, porque estamos falando de vidas humanas, e aquí o único que se fai son fotos e deixar abandonada á xente que circula por esas estradas tódolos días. Ó mellor vostedes pensan que se soluciona con esas fotos, pero despois moléstalles que lles digan que fan política de fotos.

Ó mellor vostedes me poden dicir cantas veces veu o Sr. Feijóo anunciar o desdoblamento do corredor porque eu perdín a conta; e aquí o que se pide, e entendo que incluso podemos ter consenso, é que se priorice por unha razón, e tristemente é unha razón que sae nos medios cada pouco, xa non se trata do número de vehículos que circulan, que por iso incluso podería ser unha vía asumible de sentido único, pero é que ó final converteuse nunha vía con moita sinistralidade.

Entonces o que se pide, e é unha demanda histórica das dúas comarcas, é que se desdobre para que deixe de haber accidentes, e o que vemos é unha tomadura de pelo, unhas inversións ridículas; e porque son esas inversións ridículas?, porque collen a calculadora electoral e dividen euros por número de votos, e a provincia de Lugo somos cidadáns de segunda. Nós o que pedimos

é que se tome isto en serio, estamos falando de moitos accidentes e moi graves, e que deixen de alongar e de enganar, e así estaremos.

A sorte aquí vai ser que cando se convoquen as eleccións imos barrer ó Sr. Feijóo da Presidencia porque senón creo que nunca se vai desdobrar ese corredor, porque nos toman de parvos, e despois moléstalles que llelo digamos, pero cantas veces o anunciaron?, son vostedes capaces de dicirme cantas veces anunciaron o desdoblamento?, e só hai tres millóns de euros, non sei se saben canto custa desdobrar o tramo do que se fala, pois vinte millóns Pobra-Sarria, e veñen con esas inversións e saen contentos como se iso fora solucionar o problema.

Pois eu pídolles, igual que lles pedía nos outros asuntos, seriedade, e que tomen ós cidadáns de Lugo e das comarcas de Lugo como cidadáns con igualdade co resto das provincias, porque aquí calculadora e cidadáns de segunda, e iso nós non o imos permitir e ímolo dicir en público sempre que teñamos un altofalante. E esperamos que nalgún momento se nos faga caso e saian de aí porque senón na provincia de Lugo vainos ir moi mal; e esta debería ser unha obra prioritaria, e non o é nos seus Orzamentos.

Entonces nós traemos esta moción para facer forza unha vez máis para que se rompa esta discriminación das comarcas de Sarria e de Lemos”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Sr. Castro, vostede e mais eu somos de Sarria e sabemos o importante que é esta infraestrutura para Sarria; e vostede e eu, e todos nós, estamos de acordo en que é unha infraestrutura moi importante que debe ser priorizada para esta provincia. Sen embargo, fóra diso, de todo o que dixo vostede practicamente non podemos concordar en nada.

En primeiro lugar lamento que se lles atragante tanto falar do bipartito, ninguén lles ten a culpa, fóra dos galegos, de que haxa dez anos que non gobernan, e non gobernan precisamente porque vostedes nos catro anos que estiveron no goberno da Xunta fixeron todo o contrario do que din agora e do que levan dez anos dicindo.



Sinto que vostedes consideren que os lucenses son galegos de segunda, iso considéranos vostedes porque nós non o consideramos e os lucenses tampouco; por iso levan dez anos onde están, e van seguir, porque esa presunción de que van barrer ó Sr. Feijóo da Presidencia para o ano que ven ímolo ver, de momento non creo que teñan moitos datos para ter tanto optimismo.

Por iso vou falar desta infraestrutura, do que fixeron vostedes os do BNG, o Partido Socialista, o Sr. Touriño, e do que fixo o Partido Popular. E ademáis diso, por suposto que imos falar do bipartito, e sinto que lles fastidie, porque é verdade que o seu exemplo no goberno non foi moi edificante, e por iso duraron o que duraron; pero imos seguir falando, porque foi a única ocasión na que estiveron, e cando volvan estar, que vai ser máis tarde que pronto, volveremos falar.

Por outra banda chega con esta moción moi tarde, como non imos apoiar nós o que nos di aquí de que se execute na totalidade no menor prazo técnicamente posible, si que estamos de acordo con iso; e que se inicie no curto prazo e se remate á maior brevidade antes dos catro anos contemplados pola Xunta, mal Sr. Castro, e vostede que é de Sarria ten que estudar isto con máis seriedade, e por enriba ten a xefa do seu Partido que é de Sarria tamén, a Sra. Pontón, que sabe o que xa se aprobou hai varios meses no Parlamento de Galicia, a vostede non lle explican nada.

Nos tres millóns de euros non está a clave desta obra, porque non fala o Sr. Feijóo en mítines, fala o DOGA moi claramente, no DOGA publícase que se ven de aprobar hai pouco tempo o proxecto do inicio do desdoblamento, do cal nos felicitamos moito; e ven de dicir claramente que son vinte e tres millóns de euros o que fai falla para esta primeira fase, e os Orzamentos da Xunta de Galicia, que aínda non están pechados senón que se inicia o seu debate parlamentario, falan de tres para esa primeira fase do ano 2020; porque agora vaise contratar por vinte e tres millóns e con dous anos que é o que pon o proxecto e o que pon o DOGA, non o que di vostede, é de supoñer que se considera a Consellería que nese primeiro ano se poden certificar arredor de tres, será porque o din os técnicos, en todo caso iso é irrelevante, porque esta obra vaise facer en dous anos e o ano 2021 estará a expensas do que se certifique no ano 2020; polo tanto non hai ningún problema.

Pero é máis, esta mesma moción xa a presentou o Partido Socialista na anterior lexislatura, no ano 2018, e xa se aprobou aquí, porque aínda que vostede non estaba o BNG si que estaba, e xa a apoiamos. E o Parlamento de Galicia aprobou nunha Proposición non de Lei en maio deste ano non quedar aí senón iniciar os trámites para os proxectos de trazado e de impacto ambiental de toda a parte que resta, precisamente para continuar con esta tramitación de forma inmediata. Polo tanto vén sen os deberes estudados, e iso é moi malo, é moi malo facer demagogia cando non é crible.

Por certo esa PNL que se aprobou no Parlamento de Galicia por unanimidade, e estaba a Sra. Pontón, foi a iniciativa do Partido Popular de Galicia non do Bloque Nacionalista Galego, e ademáis sentímonos moi orgullosos a partires dunha iniciativa do Partido Popular de Lugo.

Polo tanto chega tarde; ademáis esta obra ten unha orixe, cando se falaba nesta provincia de arranxar as curvas máis perigosas e os puntos negros da anterior carretera de Sarria a Lugo, cando se falaba diso, e era o debate no que se estaba hai anos, chegou o Sr. Feijóo, que era precisamente o Conselleiro de Política Territorial da Xunta de Galicia, e dixo que non, que había que vertebrar esta provincia doutro xeito, cunha autovía que conectase Lugo e a A-6 con Monforte e a zona sur, e iniciouse dicindo, por certo con moita razoabilidade, que iso, polas cuestións orzamentarias que había, se ía facer en fases; e así se fixo e así está, ou acaso vostede pasa pola anterior estrada?.

Sabe que fixo o BNG?, nada, mentir como fai sempre, porque é moi fácil, e como levantar a man aquí non custa nada, fixo no goberno o contrario do que dixeron, porque cando se iniciou esa obra que non estaba en principio prevista, empezouse a dicir que se quería a autovía xa e agora, non sei se lembra iso; e o Partido Socialista e o BNG apoiaban ese manifesto en contra da Xunta e do Sr. Feijóo; e chegou ese bipartito, que tanto se lle atraganta a vostede, e gobernaron vostedes, e de “autovía xa e agora” nada, dicían que cando o tráfico o permita, ou sexa *sine die*.

Entonces chegamos ó que chegamos, por iso hai dez anos que ese bipartito non volveu, por iso o Sr. Feijóo goberna dende hai dez anos, porque os de Lugo non son nin tontos nin parvos como pensan vostedes, e moito menos son cidadáns de segunda como tamén queren dicir. Non sei porque provincia pelexan vostedes, nós pelexamos pola que temos, e dende logo non nos consideramos de segunda, e non creo que os lucenses se consideren tampouco. Polo tanto cando



fala o DOGA e falan os orzamentos e os proxectos, acábanse as palabras da mesa, que son moito máis fáciles e despáchanse en seis minutos.

Imos apoiar a súa moción porque nós estamos a favor desa infraestrutura, estivémolo sempre, e do Partido Popular partiu esta infraestrutura, pelexou e defendeu esta infraestrutura, e agora, con datos non con discursos nin falsas promesas, esa obra dentro duns días vaise licitar, xa lla recordarei eu aquí ou en Sarria cando se licite, antes de que remate este ano”.

Intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Despois da liturxia do Sr. Baamonde vén a dramaturxia do Sr. García, benvidos á obra de teatro do máximo representante do negacionismo bipartidista; e benvidos a unha obra de teatro que unha vez máis pon de relevo as mentiras a que nos somete o Partido Popular, e dende logo o abandono ó que somete á comarca de Sarria.

Esta obra de teatro que vostede está tratando de escribir voulla explicar eu, non vaia ser que negando tanto como fai vostede o bipartidismo teña que ser un goberno bipartito na Xunta o que poña en marcha o desdoblamento do corredor, como xa o fixo así o Sr. Touriño, non sei se se lembra, e esa previsión que tiña de darlle saída cara ó norte ó corredor pola A-6 e hacia o sur cara a A-76, así que dar leccións o Partido Popular é difícil.

Tamén vou intentar ser un pouco pedagóxico porque vostede empeza a falar e nunca di nada, entonces voulle explicar unha teoría que sostiña un politólogo, que era a que deu en coñecerse como a teoría da zanahoria, do garrote, e despois a do sermón, que é a que predica o Partido Popular non só co corredor de Sarria senón coa aprobación dos Orzamentos. A zanahoria, porque lle poñen o caramelo sobre un papel, realmente despois acaba sendo papel mollado, e escriben unha cifra; despois vén o garrote, que acaba o ano e non se sabe que foi diso, sempre hai unha escusa; logo veñen os sermóns, xusto antes das eleccións vostedes diríxense á cidadanía trasladándolle a mensaxe de que non puido ser e que hai que votarlles para poder volver facer o que se promete.

Entonces esta teoría é a que se reproduce unha vez máis no corredor; e voulle explicar que efectivamente no DOGA publícase, pero o DOGA xa falou máis dunha vez Sr. García; vostede, no 2010, dixo que o corredor ía chegar no 2013 xusto antes das eleccións autonómicas, e estamos no 2019 e aínda non se fixo nada, e o único que están facendo é tirar para adiante co que tiña aprobado o bipartito. Por tanto non se meta tanto co bipartito, oxalá criticara na mesma intensidade o que está a facer o tripartito nalgunha Comunidade Autónoma, como recurtar en sanidade, como é o caso de Andalucía ou da Comunidade de Madrid.

Así que o que pasou aí é que vostede no 2013 anuncia a bombo e platiño, vostede mesmo co Sr. Feijóo, que se ía desdobrar o corredor cun presuposto de 34,5 millóns de euros, inviste a Xunta, publicado no DOGA, un estudo de impacto ambiental no que invisten 280.000 euros para a totalidade do corredor dende Nadela a Sarria, iso está publicado e pode velo, non sei o que farían vostedes con iso, se o meterían nun caixón; e agora volven gastar 170.000 para que lles digan o mesmo, outro estudo de impacto ambiental pero esta vez de Pobra de San Xiao a Láncara, co que hai comprometido nos Presupostos poderemos facer un pedaciño de corredor entre Pobra de San Xiao e Páramo; que eu non me opoño a iso, pero tampouco trate de confundir á xente, porque o que está dicindo aquí non é verdade, vostede non apoiou esta moción hai un ano, vostede abstívose que é distinto, e non era exactamente a mesma moción; porque o Partido Socialista sempre defendeu dende a época de Touriño o desdoblamento integral do corredor de Nadela a Sarria, desdoblamento integral, que sabe o que significa perfectamente.

Por tanto non veña aquí dando leccións e falando do bipartito outra vez. Insisto, falaba o Sr. Castiñeira o outro día nun debate e outra vez aquí, a Rolda leste cantas veces foi no Presuposto?, cantas veces vai no Presuposto o Porto seco de Monforte?, cantas veces vai no Presuposto o corredor de Sarria?, nos anteriores Orzamentos ían licitalo, pois fágano, porque o problema que teñen vostedes é que non executan as actuacións, e iso supón unha perda de credibilidade importante.

E remato, porque non creo que teña moito máis que dicir entorno a esta cuestión, pero insístolle no tema, vostedes foron ó barato, porque miden todo en termos de eficacia e rendibilidade; e díxeno moitas veces neste Pleno, cando falamos de vidas, cando falamos de persoas, non se pode medir en cuestión de rendibilidade e eficacia; porqué actúan nese punto en





concreto?, porque é o punto máis barato, pero hai unha memoria da rede de tráfico que lles di que o tráfico de maior intensidade é o tramo de Nadela a Pobra de San Xiao, iso sábeo coma min, porque son memorias da propia Xunta de Galicia; entonces qué fan vostedes actuando nese tramo intermedio?, pois dicir que van facer, e moito me temo que ó mellor acaban sen facer nada”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Isto parece un pouco o conto de Pedro e o lobo, porque falaba de mentiras pero no DOGA pódense publicar moitas cousas, e xa non é a primeira vez que hai anuncios no DOGA, xa non é a primeira vez que se ten en conta nos Orzamentos, pero se despois non se licita, se non se fai nada. Dicía que hai máis de dous anos que veu o Sr. Feijóo con vostede anunciar o desdoblamento, pero non fixeron nada neses dous anos, ou quere dicir que leva dous anos licitar unha obra cando hai interese?, ó mellor iso non é crible.

E quere dicir que non somos cidadáns de segunda?, pois temos que considerarnos así porque o Goberno da Xunta trátanos así, e imos a enganar ou a retais, e vostedes contentos, o peor é que defendendo a comarca de Sarria a vostede válelle que se inclúan tres millóns de euros, e se se executan ben e se non se executan volvemos o ano que ven, traemos aquí a Televisión de Galicia, e volvemos facer o anuncio de que para o 2021 o imos volver incluír. Pois chega o momento en que por moito co poñan no DOGA e fagan anuncios ata que o vexamos os cidadáns das nosas comarcas non o van crer, eu non llelo creo e os cidadáns da comarca non llo van crer, porque xa van moitas veces de Presupostos e publicacións.

E de todo o que dixó, falou algo en realidade?, non, nada se fixo e nada se avanzou, nada mais que o anuncio dun pequeno retal e dunhas inversións moito máis pequenas do que deberían ser se se tomara coa seriedade que se debería tomar; porque, como dicía antes, estamos falando de vidas humanas e vemos a perigosidade. E dicía que chegou o Sr. Feijóo de Conselleiro e dixó o que ía facer, pero resulta que agora é máis perigoso do que era, hai máis accidentes dos que había, ou máis graves incluso; e agora non é Conselleiro senón que é Presidente, e vennos cunha pequena esmola e cuns anuncios.

Pois nós traemos a moción outra vez, aínda que xa a trouxera o Grupo Socialista, porque nada se avanzou, e se segue sen avanzarse seguiremos traendo mocións e o seguiremos dicindo alá onde se necesite, porque nada fixeron; e cando vexamos algunha obra ó mellor lle direi que é tarde, pero alo menos fíxose algo. Porque vostede fala do DOGA e eu fállolle da realidade, os cidadáns non viven do DOGA viven das estradas que se fan, e polo DOGA non imos circular”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Eu creo que falar do DOGA é importante, porque entendo que en calquera país civilizado para que se faga unha obra desta envergadura primeiro ten que pasar polos proxectos técnicos que se precisan, e necesita ser publicado e ter un soporte legal técnico e tamén económico, que é o que teñen as obras. Por iso falaba do DOGA, porque considero que non é menor, non é un mítin electoral.

Sr. Rivera, vostede fala da dramaturxia, e sen embargo vostede vennos dando unha fábula, a fábula da zanahoria e o burro, na cal presuntamente os do Partido Popular damos a zanahoria e os cidadáns de Lugo, tal e como vostede parece que pensa, son os burros que andan detrás da zanahoria; mire, algo lles falla nesas plantexamentos de que a provincia está tan mal, de que a Xunta de Galicia maltrata a provincia de Lugo, de que a sanidade é a peor do mundo, e mesmo que somos burros detrás da zanahoria. Sr. Rivera, pense que ó mellor o burro é vostede, e dígoo con tódolos respectos, pero que un político pense que os seus representantes son burros, que non teñen criterio e que levan dez anos apoiando de forma clara e manifesta a esa persoa e a ese Partido que vostedes tachan como a nai de tódolos problemas desta provincia, algo lles falla.

E voulle dicir unha cousa, vostede vén dicindo o que di, pero vostede non di nada do que dixo a Sra. Caride e o Sr. Touriño cando viñeron a Sarria polo tema desta autovía e dixeron que xa se desdobra cando se poda e cando o tráfico o permita, é dicir sen día. Iso é o que fixeron vostedes hai dez anos, e que os puxeron no seu sitio, que por certo é onde van seguir, na oposición; pero mentres tanto esta obra continúa. Eu creo que debemos felicitarlos de que dentro duns días se inicie a licitación por vinte e tres millóns de euros dun tramo de once coma cinco quilómetros, dun tramo que segundo o proxecto de licitación de obra vai durar dous anos de execución, e que vai



acompañada dunha aprobación unánime do Parlamento de Galicia, aprobada por tódolos Grupos representados nese Parlamento, e dende logo tida en conta pola Xunta de Galicia, e traballar xa nos seguintes tramos.

Iso é o que parece que lles doe, pero lamento que lles doa tanto que as obras continúen e se vaia artellando unha provincia que vostedes non fixeron nada por artellar, porque senón non é normal, e hoxe deberíamos traer unha moción para felicitarnos para que deamos máis pasos e sigamos para adiante, pero fastídiales, pois lamentámolo, pero en menos dun ano estaremos coas obras comezadas, estaremos traballando na seguinte fase, e teremos un proxecto que ten unha duración non indeterminada, como din vostedes, a adxudicación da obra vai ter unha duración de contrato para a execución da obra como teñen todas, non van durar as obras o que diga o Presidente da Xunta de Galicia senón no prazo en que se adxudique; a adxudicación vai por dous anos.

Polo tanto felicitémonos de que esta infraestrutura siga para adiante, e xusto neste días antes da súa licitación”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Sr. García, eu creo que a vostede de pequeno explicáronlle mal a fábula porque non a entende moi ben, creo que hai algún matiz que non ten claro. Vostede pode chamarme o que queira, insultarme, porque me da igual, vindo de quen veñen os insultos non me sinto por ofendido.

Pero vostede entende mal o que lle estou a dicir, levan vostedes tomando por tontos á xente da comarca de Sarria durante dez anos; o mesmo que dixó que di a Sra. Caride díxoo Ethel Vázquez hai dous anos, hai prioridades, o desdoblamento no Morrazo, díxoo claramente Ethel Vázquez cando veu aquí, aparte de que veu as agochadas ó mellor por se lle preguntaban onde van os 280.000 euros do estudo de impacto ambiental.

Se o teñen feito, se vostede case cando era Alcalde non era do Partido Popular e o invitaron a vir detrás da pancarta, diante da pancarta, instaba pedindo o desdoblamento do corredor, ou non lembra iso?, e seguimos igual. É máis, aparte nós tiñamos ese problema, vostede di que non se

utiliza a 546, pois eu ás veces si que a utilizo, porque coincidiremos en que non é seguro o corredor, e pode analizar as taxas de mortalidade que se producen nese corredor, unha das máis altas da provincia. Por tanto non mezclemos as cousas porque creo que non é necesario, pero poñamos os temas enriba da mesa.

Entonces, volvo repetir, poden volver escribir, vostede cre que hai unha sola persoa na comarca de Sarria que crea o que di o Partido Popular?, é moi fácil escribilo nun papel. Isto é moi fácil, vostede no seu seo familiar comprométese para o ano que ven a gastar cincocentos euros en mercar un televisor, cando lle peta a vostede, por conta propia, decide que en vez de investir o que vai investir no televisor vai mercar uns zapatos, iso é o que fai o Partido Popular, mercar os zapatos, pero sempre mercalos fóra da provincia de Lugo, porque aquí non inviste nin un só céntimo.

E como cidadán porque teño que crer isto?, se levan ano tras ano incluíndo esas partidas nos Orzamentos, porque teño que crer eu que vostedes van desenvolver algo do Porto Seco, da Rolda Leste, ou do Centro Integral?, se ano tras ano nos levan mentindo á cara a tódolos veciños desta provincia”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, quen manifesta o seguinte:

“Vostede Sr. García fala tanto e intenta desprestixiar tanto ó bipartito que incluso me dá os argumentos do debate. Falaba de que o Presidente da Xunta do bipartito prometía, pero vólvolle dicir o mesmo, levan vostedes dez anos gobernando nos que o primeiro ano prometeron o desdoblamento, no segundo tamén, no terceiro, no cuarto, no quinto, ata o décimo, iso é o que está dicindo na súa explicación; está dicindo que levan dez anos prometendo algo que non fixeron porque, como teñen a ansia de desprestixiar, métese na súa propia trampa.

E fala de felicitacións, pois eu comprométome nunha cousa, que ademáis non o vou ter que traer, cando estea rematado Nadela-Monforte eu traio aquí unha moción para darlle a noraboa á Xunta aínda que sexa tarde, pero vou ter a desgraza de non ter que traer iso porque se alguén o fai non vai ser a Xunta do Sr. Feijóo”.



Rematado o debate, e efectuada a votación, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á moción presentada.

**9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO CENTRAL Á MELLORA DAS COMUNICACIÓNS FERROVIARIAS PARA VIAXEIROS ENTRE GALICIA E CATALUÑA.**

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Popular, do seguinte teor:

“M<sup>a</sup>. Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Ppouular para instar ao Goberno Central á mellora das comunicacións ferroviarias para viaxeiros entre Galicia e Cataluña, que se basea nesta

*Exposición de Motivos*

Recentemente tivemos coñecemento de que Renfe está a desenvolver unha serie de probas dirixidas a substituír o material rodante da liña Galicia-Barcelona que revelan a intención da compañía de mudar, tanto as locomotoras, como os vagóns do tren hotel que comunica Galicia coa cidade condal.

Da información dispoñible, resulta que se estaría considerando a posibilidade de substituír as actuais máquinas, por locomotoras de mercadorías, sen capacidade para xerar electricidade para abastecer os vagóns de climatización e luz, a todas luces máis lentas que as que están operando na actualidade.

Trátase dunha liña de longa distancia, na que resulta fundamental que a locomotora proporcione electricidade para a climatización, a luz, o funcionamento da cafetería -*como acontece coas actuais*-, e non sometela á dependencia dun xerador diésel que proporcione electricidade a toda a composición. Isto suporía retroceder no tempo, substituíndo un material no que

determinadas eventualidades estaban xa superadas, por outro obsoleto, que volvería dar lugar a incidencias de antano.

Recorrer a locomotoras de mercadorías como as que se están probando, representaría un importante retroceso nos tempos da viaxe, por ser locomotoras máis lentas que as que se empregan na actualidade. A locomotora de mercadorías non pode superar os 140 km/h. nin acadar os 200 Km/h. aos que poden chegar as locomotoras actuais.

E iso, tratándose dunha composición que se configura como de “longo recorrido”, que cruza todo o norte peninsular, empregando entre 14 e 15 horas, onde o obxectivo debería ser acurtar os tempos da viaxe e non facelos máis longos.

Tamén os vagóns cos que se están a facer as probas, pertencen a unha serie Talgo máis antiga, con elementos menos confortables, que os que se empregan na actualidade.

Butacas menos reclinables, ou cabinas-cama con baño para dúas persoas, que se substituirían por camarotes de liteiras con catro camas, de venda individual, dan conta dos prexuízos que para os usuarios deste tren representan as modificacións que se están a considerar.

Recorrer a material como o que se vén de sinalar, representaría un retroceso na confortabilidade e nos tempos da viaxe dunha composición, que pola súa configuración de longa distancia, debe aspirar a mellorar o servizo prestado, a súa confortabilidade e a reducir os tempos da viaxe, e non todo o contrario, como resultaría dos cambios que pretende levar a cabo Renfe.

Por todo o anterior, o Grupo Provincial do Partido Popular eleva ao Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo a presente moción para instar ao goberno central á mellora das comunicacións ferroviarias para viaxeiros entre Galicia e Cataluña e propónse a aprobación dos seguintes Acordos:

O Pleno da Excma. Deputación Provincial de Lugo insta ao Goberno do Estado a que:



1.- A operadora Renfe desista de implantar calquera modificación que represente un incremento no tempo da viaxe e/ou unha diminución do confort dos viaxeiros no tren nocturno que une Galicia con Barcelona.

2.- Leve a cabo actuacións de mellora nas conexións entre Galicia e Barcelona, tanto nas frecuencias, como na duración da viaxe e no confort dos pasaxeiros, e tanto no que atinxe as conexións diúrnas como nocturnas”.

Intervén a Sra. Deputada D<sup>a</sup>. Dolores Castro Ochoa, en representación do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Das noticias lidas nos últimos meses, moitas relativas ás infraestruturas de comunicación en Galicia, chamaron poderosamente a miña atención, e non en positivo, pero unha sorprendeume de xeito especial, a que dicía que Renfe pretende cambiar o material rodante do servizo de viaxeiros en Barcelona en tren-hotel, pero non por outro máis moderno, rápido e cómodo, senón por outro máis antigo e incómodo, e créanme que coñezo ben ese traxecto.

O escritor e periodista inglés Chesterton xa avisou no seu día que a palabra “progreso” indica unha dirección, e no mesmo momento que en pouco que sexa dubidamos respecto á dirección pasamos a dubidar no mesmo grao do progreso. E xa me dirán se no caso de materializarse tan deplorable pretensión se pode falar de progreso, esa iniciativa non vai na dirección do progreso. É certo que parece difícil que se poida usar na conexión ferroviaria en Cataluña material aínda máis antigo, pero xa se ve que si, pois como nada indica que a noticia non fose verídica, senón todo o contrario, o Grupo Popular presenta esta moción.

Galicia, Lugo, ten dereito a ter servizos ferroviarios, senón mellores, alo menos do mesmo nivel que os mellores que haxa en calquera outra Comunidade ou cidade; para nós é inaudito que a Renfe, que depende do Goberno presidido por Pedro Sánchez, trate así a Galicia, que queiran substituír as actuais locomotoras por outras máis lentas é un verdadeiro disparate, porque incrementarían a duración da viaxe en dúas horas, polo que pasaría de catorce a dezaseis horas, que xa son horas. Que pretendan utilizar vagóns máis antigos e menos cómodos sería unha broma de mal gusto se o asunto non fose tan serio.

En resumo, que en vez de avanzar, de ir mellorando o servizo, e trazando plans para unha mellor conexión ferroviaria de Galicia con Cataluña, concretamente de Lugo con Barcelona, imos cara atrás porque as infraestruturas, as vías, a falta de electrificación, está moi lonxe de reunir as condicións necesarias non xa para o AVE senón para velocidades convencionais que resulten admisibles a estas alturas do século XXI. No caso da conexión Galicia-Cataluña non se pode alegar déficit de viaxeiros, alo menos en varias épocas do ano que non se atopan billetes dispoñibles pola afluencia de viaxeiros.

Por todo elo, como xa dixen, pedimos o acordo unánime do Pleno, o apoio de todos vostedes, a esta iniciativa que, como ven, ten por obxectivo instar ó Goberno de España para que por unha banda a operadora Renfe desista de implantar calquera modificación que represente un incremento no tempo da viaxe e/ou unha diminución do confort dos viaxeiros no tren nocturno que une Galicia con Barcelona, en concreto Lugo-Barcelona.

Por outra banda esta moción ten por obxectivo que o Goberno leve a cabo actuacións de mellora nas conexións entre Galicia e Barcelona, tanto nas frecuencias como na duración da viaxe e no confort dos pasaxeiros, e tanto no que atinxe ás conexións diúrnas como nocturnas.

E quero pensar, señoras e señores Deputados, que non haberá entre vostedes quen non concorde coa necesidade de evitar ese cambio anunciado nos medios de comunicación, e que tanta indignación está causando na maior parte dos lucenses. E teño a plena confianza no lucensismo de todos vostedes, e confío que non defraudarán ós veciños; se así fose que cadaún asuma a súa responsabilidade diante dos cidadáns da provincia de Lugo, pero entón espero que recorden que vostedes, os socialistas, participaron en mobilizacións para reclamar mellores servizos ferroviarios para Lugo; confío en que non cambiarán agora esa liña porque collerían a dirección contraria ó progreso como xa definiu no seu día Chesterton”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:





“Nós dende o BNG sempre defendemos un ferrocarril para Galicia de forma global e con servizos centrados tamén no cercanías, que moitas veces se esquece nas propostas doutras forzas; preocúpanos a conexión con Cataluña e con Madrid, pero preocúpanos moito o ferrocarril interior, e algunhas obras se está avanzando.

En canto a esta moción nós evidentemente se iso se produce imos estar en contra, pero non temos datos, aínda non se produciu, saíu algo na prensa pero, polo que podemos saber, iso non é unha realidade. Entonces a nosa postura vai ser absternos nesta moción, non porque non esteamos en contra se iso se produce, senón porque non temos datos suficientes para saber se iso é unha realidade ou non. Non houbo un anuncio oficial, é certo que se hai calquera outro xiro e informacións oficiais evidentemente nós estaríamos en contra de que iso se produza, pero o debate do ferrocarril en Galicia debería ir un pouco máis aló e tomalo en conxunto, mellorar as infraestruturas interiores, e ese debate moitas veces o Partido Popular esqueceu”.

Intervén a Sra. Deputada D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“É normal que don Efrén non teña os datos porque o que fixo o Partido Popular foi recopilar e facer unha especie de labor de investigación sobre as noticias publicadas en determinados medios, obviar os datos que saían nelas, e compaxinar unha moción, iso é algo evidente.

O Partido Popular, a través da súa voceira, fálanos nesa moción de que “tivemos coñecemento”, coma se estivesen falando dunha exclusiva ou se Renfe estivera actuando ás agochadas, mentres o único que fixeron é o que comentei hai un intre, que é ler esas informacións recollidas en diferentes medios nacionais e galegos, como El País, El Progreso, ou La Voz de Galicia, sobre unhas probas de material que está facendo Renfe. E como recurso facilón, ós que xa nos ten acostumados o Partido Popular en determinadas ocasións, despois de ler, agochan eses datos porque non lles conveñen, e dende esa lectura parcial fan unha atribución de intencións que non se corresponden coa realidade, senón que só responde ós desexos do Partido Popular.

As probas das que Renfe informou realízanse tendo en conta a necesidade de que se se chegan a producir cambios, estes deberán respectar sempre os actuais tempos do percorrido. Ninguén falou, ou eu alo menos, que fixen bastante seguimento destas provincias, non fun quen de atopar ningún artigo nin ningunha frase onde se falara de incrementar os tempos, pero isto a vostedes dende logo non lles impediu dicir nunha nota de prensa o pasado día 16 de outubro que os supostos cambios ían incrementar a duración do traxecto en dúas horas tal e como acaban de reproducir aquí; supoño que ese será o desexo do seu Grupo, porque como non son quen de aportar iniciativas propias, a ver se inventando se presupoñen erros alleos.

Directamente parece que vostedes falan dunha denuncia, como a suposta falta de prazas nese tren, da que acaban de falar os medios, e o fixeron aquel mesmo día, e non falan das cifras reais. Saben vostedes cal é a cifra de ocupación media do tren-hotel Galicia-Barcelona?, é un 66%, eses son os datos oficiais do Ministerio de Fomento, do Observatorio do Ferrocarril en España. Farían ben vostedes en observar un pouco máis os datos antes de falar.

E en canto ó confort do que tamén falan vostedes na súa moción, eu creo que isto, coma sempre, é un concepto relativo sobre o que é complicado probablemente poñerse de acordo; porque vostedes séntense confortables por exemplo neste Pleno presentando unha ameaza inventada, e eu prefiro dicirlles as cousas tal e como son e cos datos obxectivos que aporta Renfe neste caso. A perda de confort da que vostedes falan refírese ó ángulo de inclinación dos asentos, pero evidentemente o confort non é o mesmo para quen se reclina ca quen recibe as costas sobre os seus xeonllos; por iso lle digo que é algo absolutamente relativo.

Mire, o que non cambia en absoluto é a frivolidade e a falta de corresponsabilidade, ou máis ben de responsabilidade do Partido Popular, con respecto ás infraestruturas, porque cando o Sr. Rajoy chegou á Moncloa meteu nun caixón os plans do AVE, xerouse un retraso que agora lles gusta airear, e do que culpabilizan ós gobernos socialistas, coma se vostedes non tivesen ningún tipo de responsabilidade neles. Veñen aquí distraer a atención cunha moción que se basea en especulacións, e nós, aínda que compartimos dende logo a importancia do servizo de ferrocarril para a nosa provincia e para toda a Comunidade Autónoma de Galicia, non podemos compartir o modo que escolleron para presentar esta moción”.



Seguidamente intervén a Sra. Deputada D<sup>a</sup>. Dolores Castro Ochoa, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:

“Traemos esta moción para que xa a Renfe non se lle ocurra facer eses cambios que quere facer nas máquinas. Estamos falando de que se se cambian imos pasar de ter dúas literas a catro nun habitáculo. Asegúrolle que non hai tantos anos que se cambiou o tren, aquel Estrella Galicia, que eu utilicei tantas veces, e a verdade é que volver estar falando aquí de que se pode volver cara atrás, eu creo que o que debe facerse é poñer remedio para que iso xa non suceda.

Por tanto eu creo que tódolos que estamos aquí, que somos alcaldes ou concelleiros, todos sabemos que como representantes institucionais temos a obriga moral e incluso legal de estar por riba dos intereses partidistas, e o noso cometido é defender os intereses da provincia, dos lucenses, para iso nos votan, son os nosos veciños. E non sería defender os intereses dos lucenses tolerar que as liñas ferroviarias que pasan pola nosa provincia se nutran de material rodante dos desgüaces de Renfe; non podemos permitir que se usen máquinas e vagóns que non queren noutras partes de España para unha liña de longo percorrido, como é a que une Galicia e Cataluña.

Quen usa ese servizo sabe ben que pesada pode chegar a ser a viaxe co material actual, será moito máis incómoda no caso de que se materialice a pretensión de usar material rodante aínda máis antigo, xa que pasaríamos de máquinas de 200 km./hora a 140 km./hora.

Porqué queren votar en contra desta moción?, imos poñer remedio xa antes de que se lle ocurra a Renfe, permitido polo PSOE, cambiar estas máquinas e poñelas moito peor; e estou segura de que ningún membro desta Corporación desexa ter algunha responsabilidade nesa ofensa.

E se deste Pleno saíra o acordo por unanimidade poderiamonos felicitar como Corporación, estaríamos traballando polo progreso da provincia, como traballaron aqueles que lograron que chegase o tren a Lugo aquel San Froilán de 1875. Parece que vostedes ven esta moción coma unha tontería, eu creo que deberían pensalo mellor e poñerlle remedio antes de que retrocedamos nin o máis mínimo.

E en canto ó AVE, xa sabía que ían falar vostedes diso, retrasos xa ten agora mesmo, aínda que están dicindo que o AVE vai chegar xa no ano 2020, pero as contas non dan por moito que se mire. Dende logo que como mínimo ata Lugo ata o ano 2021 non vai chegar, porque nove meses de probas que faltan e estamos a finais do 2019 aínda sen terminar de conectar con Ourense, as contas non dan; non se pode dicir aquí que se vai cumprir como candidato dun Partido, que o diga como Presidente do Goberno”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Sra. Castro non é que a vexamos coma unha tontería, senón que, como lle dicía, non temos datos obxectivos para ter claro que iso vaia pasar. Pero, como tamén lle dicía antes, a nosa postura vai ser a abstención, polo tanto a moción vaise aprobar, porque compartimos que se iso se dera sería moi grave.

É un tema de ser realistas e de non facer saltar alarmas por algo do que non temos constancia, pero evidentemente por iso non imos votar en contra senón que nos imos abster e a moción vaise aprobar porque, independentemente de que sexa máis realista ou non, si que compartimos no fondo que se iso se dera sería grave. Polo tanto a nosa postura é a de abstención para non dar a sensación de que nós estariamos a favor de que iso se producira”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Vostedes con esta moción o certo é que quixeron descubrir o Mediterráneo, e inventar o que xa está inventado; pero omitiron que Renfe fai as probas dende a premisa de respectar os horarios, e as supostas incomodidades, como lle expliquei na primeira intervención, son tamén un matiz, e non foron nin os datos do Ministerio para as cifras de viaxeiros e ocupación media.

Polo tanto vostedes terxiversaron a realidade, manipulárona, recurtaron, copiaron, pegaron, e obviaron a realidade do anuncio que facía Renfe; e os datos intérpretanos ou ocúltanos. Vostedes aquí o que perderon foi un tren que xa hai tempo que lles pasou por diante da porta.



Ninguén falou de que iamos votar en contra, iso é unha suposición que vostede fai. Aparte diso eu non sei cal é a parte que non entenderon do anuncio que fixo Renfe máis alá dun interese para sesgar a información e ocultar os datos; as probas son para mellorar a fiabilidade dos trens, iso é o que indica Renfe, traballase nos tempos das viaxes para que non se incrementen, nos vagóns non hai previsión de substituír os materiais, os viaxeiros van viaxar nas mesmas condicións; só lles faltaba dicir que lles iamos apagar a luz, ou máis ben que o ía facer Pedro Sánchez. Mesmo material ca no tren-hotel que vai de Hendaya-Lisboa, e tamén mesmo material que hai no tren que vai de Lisboa a Madrid.

Por certo, se vostedes están tan preocupados porque nos sete anos de goberno non licitaron nin a compra dun só tren novo?; eu voulle poñer un exemplo xa que vostede sacou a Pedro Sánchez e ó Goberno en funcións a colación, en pouco máis dun ano e medio, co novo Goberno, xa se licitaron contraros por tres mil millóns de euros para a compra de trens novos que renoven a flota actual.

E remato dicíndolle que o noso voto vai ser unha abstención, compartindo plenamente a necesidade de implementar, ou cando menos manter, os servizos ferroviarios que hai na nosa Comunidade Autónoma e na nosa provincia, pero dende logo non compartindo en absoluto ese uso manipulador que fan dunha serie de noticias que saen publicadas e vostedes converten nunha moción puramente fantasía”.

Intervén a Sra. Deputada D<sup>a</sup>. Dolores Castro Ochoa, en representación do Grupo Provincial Popular, quen manifesta o seguinte:

“Agradecer a súa abstención porque, repito, a obriga moral e incluso legal nosa é de defender os intereses dos veciños da provincia, igual que o levamos facendo nós hoxe toda a mañá que levamos aprobando mocións que trouxeron vostedes pero que entendemos que son boas para a nosa provincia, e deixamos de lado, como non, os intereses do Partido para apoiar ós veciños que son, en definitiva, polo que temos que estar aquí.

Dende logo que non é a primeira vez que din que vimos aquí facendo un circo con algunha proposta ou moción que traemos, pero que logo sempre se materializan. Aquí non se está a falar por inventarnos que van poñer máquinas máis antigas, senón que contrastamos a información e son máquinas que non van producir electricidade por si mesmas e que se volverá a varios anos atrás se isto se leva a cabo, e terán que levar xerador de gasoil para que podan producir luz nos vagóns; co cal se isto chega a materializarse será moi malo para a nosa provincia”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 25; votos a favor, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Popular); abstencións, 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

#### **10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR, RELATIVA AO USO DAS INSTALACIÓN DEPORTIVAS DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E Á EXECUCIÓN DE ACORDO PLENARIO DE CONSTRUCCIÓN DUNHA INFRAESTRUTURA POLIDEPORTIVA NO CONCELLO DE LUGO.**

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular, que di o seguinte:

“M<sup>a</sup>. Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular relativa ao uso das instalacións deportivas da Excma. Deputación Provincial de Lugo e á execución de acordo plenario de construción dunha infraestrutura polideportiva no concello de Lugo, que se basea nesta

##### *Exposición de Motivos*

O deporte promove o desenvolvemento e integración social, xera sentido de pertenza, forma en valores e virtudes, axuda á convivencia, eleva a auto estima, reduce o estrés... polo tanto,



a práctica do deporte ten moitos beneficios para as persoas tanto dende o punto de vista saudable como dende o punto de vista social.

No conxunto da provincia existe un importante tecido asociativo deportivo que leva a cabo un labor impagable no fomento do deporte de base. Dende distintos clubs e asociacións deportivas veñen queixándose da ausencia dun regulamento de uso das instalacións deportivas da Deputación o que xenera inquietude e malestar. Por todo iso, desde o Grupo Provincial do Partido Popular consideramos necesaria a aprobación dun regulamento para o uso das instalacións deportivas provinciais, que sen dúbida redundará de forma positiva na organización das actividades que se leven a cabo e, desa maneira, satisfacer as necesidades dos clubs e das persoas que fan uso das mesmas.

Por outra banda, sostemos que existe unha carencia de infraestruturas deportivas municipais adecuadas na cidade de Lugo.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular eleva ao Pleno da corporación provincial a presente moción relativa ao uso das instalacións deportivas da Excma. Deputación Provincial de Lugo e á execución de acordo plenario de construción dunha infraestrutura polideportiva no concello de Lugo e propónse a aprobación dos seguintes acordos:

**1.-** Que a Excma. Deputación Provincial de Lugo deseñe e redacte un regulamento de uso das instalacións deportivas das que é propietaria con base en criterios obxectivos e fixos, que facilite a programación das distintas asociacións deportivas ademais de poñer fin ás especulacións sobre presunto favoritismo respecto dalgúns clubs.

**2.-** Que a Excma. Deputación Provincial de Lugo teña presentes as aportacións e achegas das distintas asociacións deportivas interesadas á hora de redactar este regulamento, especialmente no referente ao número de licenzas. Tamén debe terse en conta o reparto dos horarios en función da idade dos deportistas e o nivel competitivo no que participen os distintos clubs; sen que teña importancia o feito de se as asociacións deportivas solicitantes teñen acceso a instalacións non dependentes da Deputación.

3.- Que o dito regulamento estea aprobado e entre en vigor, como moi tarde, en xuño do ano 2020, para que a situación actual non se prolongue máis no tempo e todo o deporte lucense poda verse beneficiado da aplicación dun regulamento de uso das instalacións igual para todos e baseado en criterios obxectivos e non en discrecionalidades.

4.- Avanzar no cumprimento do acordo plenario adoptado o 26 de xuño de 2018 relativo á construción dunha nova instalación polideportiva multidisciplinar no concello de Lugo”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial do BNG e do Grupo Provincial Socialista, preséntase unha emenda de engádega, do seguinte teor:

“O Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo propoñen nesta moción engadir aos acordos pretendidos, os seguintes:

1.- Impulsar xunto co Concello de Lugo a construción dunha instalación polideportiva en especial colaboración ca Xunta de Galicia a través da Secretaría Xeral para o Deporte, que é a administración que verdadeiramente ten competencia en materia de deporte.

2.- Instar á Xunta de Galicia, a que o compromiso en materia económica para a construción de citado pavillón, sexa da mesma intensidade que a que se está a facer en provincias con características similares á de Lugo.

3.- Que a Xunta de Galicia, concretamente a Consellería de Educación, en paralelo á materialización dos acordos anteriores, acometa de maneira urxente a reparación daqueles polideportivos nos que ten atribuída a competencia do seu mantemento, e unha vez solucionadas as graves deficiencias que teñen moitos deles, asine acordos de colaboración cos clubs do Concello de Lugo para poder desenvolver a actividade deportiva”.

Intervén o Sr. Deputado D. Oscar Poy Franco, en representación do Grupo Provincial Popular, no seguinte sentido:





“Tócame defender a última moción do Pleno de hoxe; dende a miña inocencia como Deputado novato espero conseguir recuperar o apoio unánime a esta moción, igual ca en tódalas anteriores, agás na que presentou a miña compañeira. Espero conseguir o apoio unánime, entre outras cousas, porque alo menos en parte esta moción é repetir algo que xa se solicitou e que conseguiu un apoio unánime o ano pasado, en xuño de 2018.

A necesidade de instalacións deportivas en Lugo é moi evidente, é unha parte habitual das conversas con calquera asociación que se adique á promoción do deporte de base. Nesta moción ademáis presentamos a defensa da necesidade dun Regulamento de uso das instalacións deportivas, que nos parece o máis lóxico e coherente.

No seu momento non se avanzou na execución deste acordo, pero agora que estamos sempre escoitando que hai novos tempos na Institución e que se pretende dar un xiro ó que había ata agora, e máis dignidade ao que ocorre neste Pleno, entendo que podemos conseguir sacar adiante este tema e contar co respaldo unánime de toda a Corporación, e que ademáis o goberno esta vez execute os acordos e que non quede só nunha declaración de intencións.

A ausencia dun baremo fixo e obxectivo, coñecido por todos de antemán, e baseado en criterios racionais e lóxicos que atenda ó interese xeral crea problemas e xera malestar entre os usuarios das instalacións deportivas, non estou contando nada novo; un Regulamento de uso destas instalacións con contido claro que permita evitar malestar entre os usuarios aforraría problemas á Institución e deixaría de producir titulares nos medios de comunicación, que parecen non ir acordos cos novos tempos dos que tanto oímos falar.

O número de licenzas, a idade dos xogadores, a categoría deportiva dos distintos equipos, son parámetros perfectamente entendibles e perfectamente asumibles; ter aprobado este Regulamento de uso para xuño de 2020 como moi tarde, permitiría ós distintos clubs planificar as súas próximas tempadas e aforrarnos bochornosos titulares.

Espero que nesta ocasión a moción do Grupo Popular teña o mesmo apoio unánime que recibiu a iniciativa que en similar sentido defendemos en xuño de 2018; se é así Lugo sairá

gañando, e nós teremos cumprido a misión que nos encomendaron os cidadáns que votaron nas últimas eleccións hai apenas uns meses.

O Barón de Coubertin, que é moi famoso pola súa relación co deporte, dixo no seu día que o bo dos soños é que se poden facer realidade; espero conseguir o apoio unánime de todos vostedes para así poder facer realidade o soño de quen agora mesmo ten difícil practicar o deporte en Lugo”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“En primeiro lugar quero agradecerlle o ton ó voceiro do Grupo Popular porque creo que é un tema serio e non fixo demagogia con isto, e paréceme unha boa actitude para isto. É innegable a falta de instalacións deportivas na cidade de Lugo, calquera que coñeza o entramado sabe que é un problema, que ó mellor bendito problema, porque a práctica do deporte disparouse nos últimos anos e iso creo que é bo e que as Administracións tiveron a súa responsabilidade niso.

Nós estamos a favor no fondo da moción, estamos a favor de facer un Regulamento, entendendo que o Regulamento non se vai facer para ninguén, senón que será con criterios obxectivos, e ó mellor con iso tampouco está todo o mundo contento, porque evidentemente se son criterios obxectivos é coma cos criterios das subvencións obxectivas; entendendo iso, e creo que nesa proposta vostedes o entenden.

E o problema non se pode circunscribir só ó baloncesto senón que hai outras disciplinas deportivas que tamén teñen falta de horario, e nós por esa banda comprometémonos a traballar niso, incluso eu, como responsable da Área de Deportes, comprométome a que o proxecto o debatamos nunha Xunta de Voceiros ou como vostedes queiran, porque se van ser criterios obxectivos calquera aportación vai ser boa, e incluso darlle estabilidade a futuros gobernos, porque se se chega a un acordo unánime despois non haberá variacións máis que as que sexan necesarias.

En canto á petición de instalación deportiva para Lugo, tamén coincido en que é necesaria, pero nese aspecto temos matices e de aí a emenda que presentamos, e que se refire a non cargarlle só a responsabilidade á Deputación de Lugo, porque evidentemente non somos os únicos que temos



competencias niso, as nosas competencias son as de colaborar cos concellos; e comprometémonos a participar niso pero non queremos deixar de lado á Xunta que tamén ten as competencias sobre deporte, e que faga un esforzo nisto. Creo que nese aspecto tamén podemos chegar a un consenso do que falaba o Sr. Poy, e a nosa emenda creo que é asumible por todos.

Estou completamente de acordo en que hai que avanzar niso, darlle unha estabilidade, que as horas que fai a Deputación, que por certo, creo que é a única Deputación que ten espazos deportivos cedidos ós diferentes clubs, que é algo bo; e que os espazos da Deputación están practicamente abertos, como din os americanos 24/7, non as vinte e catro horas pero si tódalas horas útiles e durante tódolos días da semana, que os doutras Administracións non o fan, e a Deputación aí sempre fixo un esforzo, e iso non é mérito meu agora senón que ven de sempre, e avanzar nesa liña. É bo que haxa demanda de horas, porque iso significa que a práctica do deporte é maioritaria, e iso é bo; e tamén estou de acordo en que debemos avanzar en como se reparten esas horas.

En canto á nova instalación espero que non sexa un problema para vostedes que a Xunta tamén teña que poñer o seu gran de area; non se trata de botar balóns fóra senón de sumar sinerxias.

E como lles dicía, estamos complementemente de acordo no fondo da moción, e volvo dicir que agradezo o ton porque é un debate interesante, pero creo que incluso nisto podemos poñernos todos de acordo con pequenos matices”.

Intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Tamén agradezo o ton de concordia no que plantexa esta moción, paréceme ben que os soños se fagan realidade, pero a vaquiña polo que vale, porque para facer os soños realidade, non sei noutras provincias, pero nesta fan falta cartos.

Hai unha certa amnesia selectiva nesta moción, como Doris na marabillosa película de Nemo que non se acordaba por onde tiña que volver á casa; porque é certo que apoiamos a construción dunha infraestrutura polideportiva no concello, e alégrome de que a defensa vostede

porque é bo coñecedor do deporte, pero non hai casualidades; entónces eu o que pediría é que se ata aquí se chegou cun certo criterio, aínda que non existe un Regulamento, non vaíamos incorporar cousas novas ás mocións que xa están porque ó final aproveitamos isto para meter o outro.

Nós apoiamos claramente unha moción para a construción dun polideportivo, pero xa daquela faciamos mención a unha solución inmediata que se lle pode dar. Saberá vostede que a Consellería de Educación ten moitísimos pavillóns polideportivos de instalacións educativas que polas tardes non teñen actividade; e deilles a solución rápida, asinen convenios coas entidades deportivas e a medio prazo temos máis instalacións deportivas, porque o pavillón vai levar tempo.

E non quere dicir que non se teña feito nada, dende logo lévase facendo moito, e xa llo dixen á Sra. Teijeiro no seu día, comenteille que se tiña pedido unha certificación urbanística para poder elaborar un concurso de ideas, e algunhas das persoas que están aquí o puideron ver, había un borrador dun concurso de ideas para levar a cabo un pavillón polideportivo. Pero lóxicamente a edificabilidade da parcela na que se atopa o pavillón polideportivo está esgotada, co cal había que buscar outras alternativas, que se buscaron, pero non é tan doado, non hai tanto terreo en Lugo como se pensa en zona dotacional para poder construír un pavillón polideportivo.

Todas esas cousas miráronse, non quere dicir que non se fixera nin que non se mirara, porque ás veces dá a sensación de que cando se plantexa unha moción deste estilo non se ten feito nada, e téñense feito moitas cousas. O problema é que eu creo que esta moción se a fai nun ton construtivo, a nosa tamén vai nese ton construtivo, porque se a Xunta de Galicia leva subvencionando noutras provincias, porque aquí non é o caso, instalacións deportivas, creo que tamén debe facer a súa aportación, porque un pavillón polideportivo non é o mesmo que facer un campo de fútbol, ten unhas condicións nas que xa lle digo que probablemente haxa que expropiar ou adquirir o terreo porque non existe.

En definitiva, esperemos que se acepte esta emenda na que instamos á Xunta a que apoie decididamente tamén a construción do pavillón polideportivo, porque a verdade é que sempre asistimos ó mesmo, é dicir o investimento en infraestruturas deportivas ou o fai a Deputación conxuntamente cos concellos ou non o fai ninguén. Entónces paréceme ben que se poñan pistas de



padel e algún pavillón, pero máis aló diso tampouco se ten feito un investimento claro en infraestruturas polideportivas, mesmamente dende o ano 92 no concello de Lugo practicamente non se fixo un investimento importante da Xunta de Galicia en infraestruturas deportivas.

Todos coincidimos que isto ten que ser porque así o pon a Lei do Deporte expresamente, que competencialmente a construción tanto de pavillóns como de infraestruturas deportivas deberá correr a cargo de tódalas Administracións que teñan competencia neste caso. Entonces eu creo que esa selectiva é tamén un pouco pretenciosa e entendo que incluíla aquí tampouco ten porque ser nada negativo, senón fágolle o plantexamento ó revés, intenteino da outra vez e puxéronseme excusas de que a Xunta aquí non pintaba nada, non, eu creo que si que pinta, igual que pinta na sostenibilidade do Anxo Carro que é a única instalación autonómica que ten a provincia de Lugo.

Esa é a nosa postura; dicirlle que oxalá teñan a ben admitir esta emenda, porque se a Xunta de Galicia a través da Consellería de Educación puxera a disposición os pavillóns polideportivos que ten, non só o que ten aquí do Masculino que utiliza o clube voleibol Emevé, ó mellor tiñamos unha solución no concello de Lugo a curto prazo; e non quere dicir isto que non se teña que facer o pavillón, porque todos coincidimos nesa situación; pero se puxeran a disposición os pavillóns ó mellor a curto prazo teríamos unha solución con carácter inmediato para moitos dos clubes que practican non só o baloncesto senón outros deportes no concello de Lugo”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Oscar Poy Franco, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“A verdade é que eu estiven dubidando se incorporar á Xunta directamente nesta moción, pero despois pensei que entón vos non terían nada que dicirnos, se non poden dicir Xunta non poden dicir nada.

Entendo e comparto a idea de que se fixeron cousas, o que ocorre é que como son novo nisto da política tamén penso que hai que poñer algo máis de vontade nalgúns cousas que se fan. Xa sabía que vostede no seu momento falara dunha certificación urbanística, eu non son experto en urbanismo precisamente pero estes días no concello de Lugo estamos falando moito de bolsas de solo e de posibles cambios do PXOM, encontrámonos aí cun bloqueo que dende logo iso si que non

é culpa da Xunta, pero se hai vontade poden derrubarse os muros. Eu, como son xogador de rugby, creo que se empurramos todos xuntos imos avanzar máis.

Nós non temos ningún inconvinte en aceptar a emenda que presentan para incorporar á Xunta, porque xa no seu momento foi incluída e aprobouse por unanimidade no Pleno do ano pasado.

Eu quixera insistir na necesidade de que os acordos se executen e non queden só nunha mera declaración de intencións. Neste aspecto dicirlles que este xoves no Pleno do concello de Lugo defenderei tamén a idea de construír un novo pavillón, e xa incluíu á Xunta directamente, con ánimo construtivo e con ánimo de conseguir as cousas.

Non acabo de entender a negativa que teñen vostedes a facer un Regulamento das instalacións deportivas provinciais, pode ser que haberá algunha persoa que se queixe, fagas o que fagas e propoñas o que propoñas sempre hai alguén que se queixa, pero se os criterios son os mesmos, son obxectivos, e non van variando dunha semana á seguinte, poderá queixarse alguén pero todo o mundo sabe a que aterse, non lles chega un correo electrónico o día 1 de outubro e outro o día 8, e cada vez se di unha cousa distinta, en función non se sabe moi ben de que.

Por iso espero que consigamos ese apoio unánime, repito que non hai inconvinte en aceptar esta emenda que se refire á Xunta, vostedes cumpren a súa parte de dicir Xunta e nós conseguimos o seu apoio para unha instalación deportiva en Lugo e para un Regulamento de uso das instalacións deportivas, que me parece o máis razoable do mundo”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Agradecíalle antes o ton, agora xa meteu a cuña, xa me estrañaba que non a quixera meter. Hai que ter coidado co que se di porque vostedes tamén teñen un pasado, ó mellor vostede non era Deputado, pero si que estiveron no goberno, brevemente pero estiveron, e se falara cos seus compañeiros sabería que non estivo exento de polémicas, que intentaron levar adiante un



Regulamento e despois volvéronse atrás; e foi así, por non entrar noutros detalles máis en profundidade.

Con isto quero dicir que é un tema delicado e complicado para todos, e non o saquei na primeira intervención porque estabamos nun debate máis amable, pero evidentemente se vostede mete a cuña eu tamén digo o que sei e o que pasou, e aquí ningún me pode negar que iso foi unha realidade porque o sabemos moitos dos que estamos aquí presentes.

E a Sra. Candia se atendera á intervención non tería que preguntar de que falo, non lle interesa nin o debate das súas mocións; Sra. Candia, tivo que saír vostede dunha reunión co lío que tiña montado nesta Deputación polo reparto das horas. E non estou faltando á verdade, non o ía sacar porque, como ben lles dicía, é un tema complexo que o único que fai é poñer de manifesto que hai unha deficiencia de horas e ese é o problema.

Vostede di que hai obsesión con incluír á Xunta, non é obsesión, non é que nós queiramos algo, é que queremos defender á provincia e que a Xunta poña algo de pulo polo deporte aquí. E logo di que non estamos de acordo en regular, si que o estamos, acabo de dicirlle que facemos unha proposta de Regulamento dende o Servizo e debatémola entre todos, non teño ningún problema; e ademais é bo porque se estamos todos de acordo e son criterios obxectivos para mín, como responsable da Área de Deportes, estaría ben; porque créame que non é agradable poder repartir iso, e pódelle preguntar aos responsables que me precederon, e se hai uns criterios obxectivos será moito máis cómodo para todos, e aí imos encontrarnos.

E tamén nos encontramos en que inclúan á Xunta, porque parece que é unha ocorrencia, pero non é así, imos sumar todos os que teñan as competencias en deporte, invistan na provincia; e queremos incluír á Xunta porque nós cremos que debemos defender inversións para esta provincia da Xunta de Galicia”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Creo que o Sr. Poy pódelle preguntar ó Sr. Quique Rozas que estaba vinculado ó tema deportivo, e co que teño dialogado moitísimo sobre esta cuestión, e sabía que non era fácil, houbo varias propostas de Regulamento dende Antón Bao, ata Antonio Veiga, pasando por Pablo Rivera, pasando tamén polo breve tempo de Elena Candia como Presidenta cando o Sr. Ginzo sabía perfectamente o que había.

Pero quero deixar unha cousa clara, nunca nos opuxemos á elaboración dun Regulamento, o que pasa é que se confunden varias cuestións; cando un fai un Regulamento non pode pretender facer un Regulamento de parte, senón que o Regulamento ten que ser para todos e todas, e hai que pensar que estamos falando dun Pazo de carácter provincial; e non pensemos que cando temos un pavillón imos facer un Regulamento só para un deporte, porque probablemente haberá que velo, hai varias propostas, e todos tivemos un Regulamento enriba da mesa; e queríamos ser o máis perturbistas posible, porque se restrinximos ó final queda para o de sempre.

Entonces imos tratar de traballar, pola miña parte e deste Grupo parécenos unha idea brillante que hai que defender. E non é só un problema do Regulamento, vai haber un problema haxa un pavillón ou haxa dous, nós apoiamos unánimemente a proposta do pavillón, e non só agora senón que xa o tiñamos apoiado.

E para rematar só dúas cousas. A primeira delas, se se presume que aquí temos os orzamentos máis sociais da historia da provincia de Lugo, vostede fala na moción de que o deporte ten unha serie de beneficios de carácter social e, se os soños se teñen que facer realidade, non hai mellor maneira de facer realidade os soños, e é unha pena, que no Capítulo VI de investimentos do concello de Lugo non se reservara unha pequena partida para facer un pavillón, porque onte mesmo o Sr. Baltar co Sr. Lete, Secretario Xeral para o Deporte, reuníanse para falar dun investimento en Pereiro de Aguiar de seis millóns de euros para facer un parque acuático.

Por tanto se falamos destas cousas poñamos todo enriba da mesa, porque crear un parque acuático en Ourense, que está moi ben, pero é unha mágoa que non se acorden nunca de aquí. E vostede sabe perfectamente que somos unha das provincias galegas que maior intensidade deportiva e onde maior crecemento expoñencial de licenzas se ten producido.





Por tanto, con estas cuestións, creo que queda bastante clara a nosa postura”.

Intervén o Sr. Deputado D. Oscar Poy Franco, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, quen manifesta o seguinte:

“Coñezo o que me di vostede do tema de Ourense en canto ó parque acuático, o que non sei é se a Deputación de Lugo ou o concello de Lugo fixeron as mesmas negociacións coa Xunta para chegar a acordos.

Estou de acordo, Sr. Castro, en non entrar nos vellos tempos, ó contrario de vostede eu si que non vou entrar neles. O Regulamento favorécelle Sr. Castro, afórralle titulares absurdos e problemas, non sei porqué se opoñen.

Nós si que queremos que se trate igual a tódolos iguais, e evidentemente ninguén falou aquí de baloncesto agás vostedes, non sei porque insisten tanto nese tema.

E ó Sr. Castro dicirlle que o ton cambia porque cambia o seu”.

Remadado o debate, unha vez aceptada e incluída na moción a emenda presentada polo Grupo Provincial do BNG e polo Grupo Provincial Socialista, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á moción presentada.

## **PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION**

### **11.- CONTA DAS RESOLUCIONS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZANOVE.**

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día dous ao trinta de setembro de dous mil dezanove, e que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 2861 ao 3137. O Pleno da Corporación queda enterado.

### **12.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

Non se presentan.

### **13.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Intervén o Sr. Presidente quen manifesta o seguinte:

“Esta mañá, pouco antes da celebración deste Pleno, rexistráronse polo Grupo Popular catro Rogos e unha Pregunta. É verdade que tanto os Rogos como as Preguntas se poden formular *in voce*, o que ocorre é que se son presentadas con tan pouco tempo de antelación tampouco hai obriga de respostalas porque ás veces é necesario documentar esas respostas. Pero en todo caso creo que estamos en condicións de dar resposta a esa Pregunta; e en canto ós Rogos xa son rogos. Polo tanto trataranse a continuación os Rogos e a Pregunta.

#### **ROGOS**

Por parte da Sra. Deputada D<sup>a</sup>. Elena Candia López, voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, fórmulanse os seguintes Rogos:

**Primeiro.-** Relativo á estrada LU-P-0707 Armesto-Tores-Nogais

“A Deputación Provincial de Lugo é a institución responsable de realizar as labores tanto de conservación como de mellora na rede viaria provincial.

A existencia de infraestruturas viarias en bo estado resulta esencial tanto para os desprazamentos dos lucenses como para o desenvolvemento económico e turístico da provincia.

Dende o Grupo Provincial do Partido Popular, de xeito continuado, canalizamos as solicitudes tanto de veciños como de asociacións e de entidades locais sobre a necesidade de que en vías de titularidade provincial se leven a cabo actuacións tanto de conservación e mantemento como de mellora ou ampliación.



Na actualidade entendemos que é necesario o arranxo de varias estradas provinciais entre as que se atopa a LU-P-0707 ao seu paso polo concello de As Nogais.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular rógalle:

Que se realicen obras de mellora e acondicionamento na seguinte estrada provincial ao seu paso polo concello de As Nogais: LU-P-0707 Armesto-Tores-Nogais (en concreto dende o p.k. 7 ao p.k. 16; xa que este é un tramo que está en moi mal estado”.

**Segundo.-** Relativo á estrada LU-P-4404 Riocabo-Aldurfe-As Rodrigas.

A Deputación Provincial de Lugo é a institución responsable de realizar as labores tanto de conservación como de mellora na rede viaria provincial.

A existencia de infraestruturas viarias en bo estado resulta esencial tanto para os desprazamentos dos lucenses como para o desenvolvemento económico e turístico da provincia.

Dende o Grupo Provincial do Partido Popular, de xeito continuado, canalizamos as solicitudes tanto de veciños como de asociacións e de entidades locais sobre a necesidade de que en vías de titularidade provincial se leven a cabo actuacións tanto de conservación e mantemento como de mellora ou ampliación.

Recentemente dende o concello de Riotorto comunicáronnos que é necesario arranxar a estrada provincial LU-P-4404.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular rógalle:

Que se realicen obras de mellora e acondicionamento na estrada provincial LU-P-4404 Riocabo-Aldurfe-As Rodrigas (dende o p.k. 11,5 ao p.k. 18,00)”.

**Terceiro.-** Relativo á estrada provincial LU-P-1301 Seoane do Courel-Hospital e Ramais a Piñeira e Lousada.

“A Deputación Provincial de Lugo é a institución responsable de realizar as labores tanto de conservación como de mellora na rede viaria provincial.

A existencia de infraestruturas viarias en bo estado resulta esencial tanto para os desprazamentos dos lucenses como para o desenvolvemento económico e turístico da provincia.

Dende o Grupo Provincial do Partido Popular, de xeito continuado, canalizamos as solicitudes tanto de veciños como de asociacións e de entidades locais sobre a necesidade de que en vías de titularidade provincial se leven a cabo actuacións tanto de conservación e mantemento como de mellora ou ampliación.

Recentemente dende o concello de O Courel comunicáronnos que é necesario arranxar a estrada provincial LU-P-1301.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular rógalle:

Que se realicen obras de mellora e acondicionamento na estrada provincial: LU-P-1301 Seoane do Courel-Hospital e Ramais a Piñeira e Lousada (en concreto dende o p.k. 14 ao p.k. 20) xa que este é un tramo que está en moi mal estado”.

**Cuarto.-** Relativo á estrada LU-P-6406 Portapena-Montesegade.

“A Deputación Provincial de Lugo é a institución responsable de realizar as labores tanto de conservación como de mellora na rede viaria provincial.

A existencia de infraestruturas viarias en bo estado resulta esencial tanto para os desprazamentos dos lucenses como para o desenvolvemento económico e turístico da provincia.

Dende o Grupo Provincial do Partido Popular, de xeito continuado, canalizamos as solicitudes tanto de veciños como de asociacións e de entidades locais sobre a necesidade de que en



vías de titularidade provincial se leven a cabo actuacións tanto de conservación e mantemento como de mellora ou ampliación.

Na actualidade entendemos que é urxente e necesario o arranxo de varias estradas provinciais, entre as que se atopa a LU-P-6406 ao seu paso polo concello de O Vicedo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular, rógalle:

Que se realicen obras de mellora e acondicionamento na estrada provincial LU-P-6406 Cristo da Portapena-Montesegade (sobre todo no tramo máis preto de Ponte Segade)”.

Intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Acusamos recibo dos seus Rogos”.

## PREGUNTAS

Formulada pola voceira do Grupo Provincial do Partido Popular Popular, e que di o seguinte:

“O Grupo Provincial do Partido Popular ten amosado, en múltiples ocasións, a súa preocupación polo estado de completo deterioro e abandono do complexo de Augasmestas en Quiroga.; recinto que leva anos pechado e sometido a actos de vandalismo.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular traslada a seguinte pregunta:

¿Qué pasos ten dado o actual Goberno da Deputación Provincial de Lugo, dende que tomou posesión, para corrixir as deficiencias que están a dificultar e impedir a apertura do complexo de Augasmestas en Quiroga, e en que situación se atopa a súa posta en funcionamento?”.

Intervén a Sra. Deputada D<sup>a</sup>. Elena Candia López, voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Esta Pregunta está referida a unha comarca que vostede coñece ben, e nun proxecto que ten un pasado pero que nós queremos que teña un futuro, un investimento na área de Augasmestas. E simplemente a pregunta é se se ten dado algún paso polo actual goberno, e cal vai ser o futuro dese proxecto”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. del Pilar García Porto, en representación do Goberno Provincial, no seguinte sentido:

“Tendo en conta que a pregunta nos chegou xusto antes da entrada no Pleno, co mesmo interese que teñen vostedes en desenvolver esa comarca, ó igual que o resto da provincia no ámbito do turismo, vostede saberá, Sra. Candia, que houbo unha empresa que foi adxudicataria dun contrato para a explotación de Augasmestas, e agora mesmo a situación está inmersa nun receso que é probable que remate na resolución do contrato.

Pero este proceso non está completo, os técnicos están traballando, están elaborando os informes necesarios, e eu non terei inconveniente en aclararlllo cando todo isto remate, pero polo momento é todo canto lle podo dicir, e por suposto coa mesma preocupación que vostede manifesta no Pleno”.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.